

# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

N.º 111 \* DO 20 AO 26 DE XUNIO DE 1980 \* 40 PTS.



**BENPOSTA:  
¿UNHA NACION PARA  
CAMBIAR O MUNDO?**

**ESPECIAL SARRIA: O SAN XOAN  
C.E.E. E A CRISE INTERNACIONAL  
XUICIO AOS PATRIOTAS CATALANS  
GRAVEIRAS CONTRA O MIÑO  
TORRES: VIVIR PARA PINTAR**

## OTERO, "AMIGO"...

Ao señor Otero Novás hai que lle agradecer a súa axuda arreo aos redactores do "Poleiro"; co sue verbo fluído tennos salvado en ocasións innumerábeis cando a piques do peche nos ven aquel berro tenro de "Acabades o Poleiro ou a qué andamos!!". En fin; Otero Nomás, "una cosa más":

Nunha reunión recén en Madrid, o sr. ministro anunciou que "algunos grupos políticos promoverán alteraciones al comienzo del curso. Naturalmente, ellos no han dicho que van a promover alteraciones; han dicho que van a promover movilizaciones".

E difícil enganar a D. Otero; claro que...

"Si estos grupos son secundados por profesores, por padres o por alumnos... no (se) podrá garantizar plenamente la normalidad".

Xa se sabe. O sr. ministro prefire a inxusticia ao desorde.

## C AMPEONATO "DE EUROPA"

Calvo Sotelo falou estoutro día sobre o Mercado Común: "Hace una semana les dije que la situación era grave, pero hoy les digo que el golpe lo hemos parado".

Bo boxeador, o ministro. O mao é sempre para o "sparring". E se, queren, dígolles quen é.

## NON PODIA FALTAR...

Xa coñocen a última "Carta Aberta de Augusto Assía" sobre o "Caso Razamonde". Xa saben da súa dobre posibilidade alternativa Xuzgado de Garda/Poleiro Alleo. Valia o posíbel efectivo. E lembren: "controladores del tráfico de narcóticos... quemamontes... sabotadores... terroristas...". Todo esto, os do Bloque.

E nós lembramos aquilo de "Non son todos os que están. Non estan todos os que son". Pois, en versión dobrada de "Pensa o ladrón...".

## HAI QUE TOMAR O AR

Esoutro día, lemos en "El Progreso", seis presos na cárcel de Eivissa seica se sentiron "moi aprisionados" (eso decía unha nota que deixaron) e marcharon tomar un "cubalibre". Na nota tamén lles pedían por favor aos gardas "que no lo tomaran a mal".

Máis tarde, deulles a sede a utros vinte, pero iso si que o tomaron a mal e non sairon. Pola noite, obedentemente, dous dos paseantes reintegrábanse ás suas celas. Seica entraron contando o

ben que o pasaran.

A outros dous non lles deixaron coller o avión, no que supoñemos que irían para a discoteca en Madrid. Este último extremo non foi desmentido.


## IHAI, OS INTERESES...!

O sr. Arán Trillo, "medico xinecólogo" segundo a ficha, e ex-dirixente da UCD segundo os nosos arquivos, tamén prestou a súa opinión a "La Voz de Galicia" sobre as manifestacións do 23 de xulio. "Considero que es importante que se celebre el "Día da Patria Galega", pero es un error hacerlo ese día desde el punto de vista económico, dado que es un notable perjuicio para la ciudad, pues mucha gente que podría acudir a la fiesta, no lo hace, aunque sea por temores infundados, pero de hecho deja de venir".

Ao sr. Arán Trillo vésele ben o plumeiro. Hai cousas que nunca se trocan. Hai quen toda a súa vida será da UCD. Ou o que seña.

"Y también a esta celebración debería dársele el carácter de "Día da Patria Galega", pero de la patria de todos, no para usarlo con fines partidistas".




O problema, sr. Arán, é que a esta patria chegan vostedes tarde. Xa non teñen sitio nela.



# 10.000 SUSCRIPTORES PARA UNHA PRENSA GALEGA

Participe no noso concurso da páxina 15

# SUBSCREBASE A A NOSA TERRA



## Os monopolios levan os beneficios

# GALICIA: CULTIVOS NOVOS PARA UN NOVO DESENROLO

A nosa terra, polas súas condicións bioclimatolóxicas, polas características do seu terreo, é axeitada para o cultivo de produtos que astra o de agora non contaron co propiciamento do Goberno e que son bastante descoñecidos pola maioría do noso pobo. A posibilidade de incrementar os produtos de horta, de impulsar o cultivo de tabaco, que hoxe se esta a dar nalgúns zonas da nosa nación, fundamentalmente na provincia de Pontevedra e doutros moitos como o kiwi, produto de procedencia de New Zealand, non contaron co apoio de ningún plan agrario que propugnou o Goberno. A súa comercialización estase a levar polos monopolios estatais que non teñen en conta a cantidade de recursos da nosa terra que servirían para mellorar as condicións do noso agro, que se ve sometido a unha política agraria en desacordo coas necesidades e cos seus recursos.

### OS CULTIVOS DO NOSO AGRO

"Hoxe temos feito un estudo do gando vacuno e da superficie —segundo nos decía Nicanor Ocampo— adicada a prados que leva a unha conclusión espantosa: por kilómetro cuadrado de campo, nós sostemos un censo agrario e vacuno superior ao de Francia e de Holanda. Isto quere dicir que temos un censo moi mal alimentado e, consecuentemente, unhas producións moi deficientes".

De certo, Galicia dispón dunha extensión de terreos sen explotar, pero produtivos, para convertilos en prados. O sistema de adecuación de cara a unha axeitada produción sería mellorar estes prados a través de sementes

e mesmo produtos pratenses que nos daría, por hectárea produtiva, unha maior cantidade de carne ou leite. Doutra banda, compriría aproveitar as superficies que temos para cultivos de horta, frutais ou tabaco. Quizais a falla dunha política agraria axeitada aos nosos recursos levou a que cada un fixera os seus propios planes. E así, por exemplo, no espazo de tempo de 35-40 anos, a nosa raza rúbia galega de vacas foise substituíndo polas vacas suizas, holandesas, canadenses...

### BASTANTES CONDICIÓNS PARA OS CULTIVOS

"A produción non pode ser a mesma en vales suaves que en vales altos. Tampouco se pode

facer todo a lixeira porque nos espomos a perder o potencial xenético das reses que tiñamos antes nalgúns zonas de Lugo se está a conservar a raza rúbia, galega e bacuna.

Doutra banda, a inoperancia dos diversos planes agrarios gubernamentais para Galicia trouxo consigo o esquecemento da grande riqueza que abranee a nosa terra. E sobor de todo de cara a novos cultivos que de feito se están a dar, pero en extensións de terreo moi reducidas. Buscando con arreglo á climatoloxía as condicións de terreo, as variedades de sementes máis axeitadas conquistaríamos producir unha boa chea de cultivos.

Amáis disto, Galicia contra con outra característica bastante importante para favorecer estes cultivos: está surcada de ríos por todas bandas e mesmo hai variedade de sequeiro.

"¿Qué se fixo en Galicia? case nada porque o Estado contemplou indiferente como nalgúns zonas da alta montaña poderíanse dar outros cultivos e tamén propiciar especies moi boas de gando vacuno".

Asimismo, a nosa terra é un conglomerado de zonas climatolóxicas completamente distintas. Kilómetros de zona costeira, cun clima suave, apropiadas para o

cultivo de produtos de horta, frutales, e outros produtos como o tabaco e o kiwi, variedades que polo de agora estamos importando. "E outras que habería que reservar para o cultivo forestal, como o castiñeiro. As nosas castañas estanse exportando desde o porto de Vigo a Inglaterra. O que non se pode facer é plantar pinos onde hai que mellorar os prados e ao revés", segue a decirnos o señor Ocampo.

Outro dos factores que inflúen é o feito de que, por exemplo, no círculo Vigo-Redondela-Poriño, somentes cunha distancia entre eles de 14 kilómetros, hai moita diferenza de temperaturas en máximas e mínimas, en 5 ou 6 grados.

### O TABACO, CULTIVO DESCOÑECIDO

O tabaco lévase cultivando, desde hai máis de cuarenta anos, na provincia de Pontevedra. A pouca intensidade solar, gran humidade ambiente, terreo acido son características que propician axeitadamente o cultivo deste produto, e sobor de todo o tabaco capero, quizais unha das mellores especialidades que se coñecen. Doutra banda, o minifundio facilitaría a súa produ-

ción, porque se ten que recoller folia por folia e non é convinte o emprego de maquinaria. Mesmo sofre un proceso de fermentación e curación para o cal Galicia ten unha bioclimatoloxía especial.

A plantación faise no mes de maio e polas condicións climatolóxicas non hai problema ningún que impida que se poida dar a gran escala. Asimesmo, os cuidados de cultivo son mínimos. Asemade, ten como contrapartida que hai que recollelo nun momento oportuno e, como xa dixemos antes, folia por folia. "Para un labrego, ter un secadeiro resultaría caro. Quezais si sería fácil de establecer e tamén conveniente un secadeiro de integración que recollera a colleita de dez ou doce hectáreas e así non somentes podería absorber o que se está a importar, senón que se podería exportar a outros países".

Se ben as variedades máis selectas do tabaco son as máis atacadas polas enfermidades, e sobor de todo, polo mofo azul, isto non viría a supor un grave problema porque Galicia pode chegar a ter unha produción menor á do resto do Estado,

(Pasa a páx. seguinte)

Edita: Promocións Culturais Galegas S.A.

Comisión de Fundadores: Acosta Beiras, Xoaquín; Fontela Rodríguez, Xosé Luis; López Gómez, Felipe Senén; Morales Quintana, Xosé Enrique; Varela García, Cesar.

Directora: Margarita Ledo Andión

Redactores e Colaboradores: Xosé L. Corral, Alfonso Eyré,

# A NOSA TERRA

PERIODICO GALEGO SEMANAL

X. M. González, X. Ramón Pousa, Lois Celeiro, Pablo Viz, Paco Arrizado (Lugo), Fernando Franco (Vigo), Suso Piñeiro (Ferrol), X. A. Suárez (O Condado), Vázquez Pintor (Morrado), Ignacio Brisset, F. Cusí, M. Merçe Marçal (Países Catalans), P. Ipa-

rraguirre, Maialde (Euskadi), Xosé Luis G. Labandeira (España), Carlos Durán (Londres), A. P. Dasilva (Porto), J. J. Navarro, Llatzer Moix, Piñeiro, Patiño.

Diseño e Confección: Xurxo Fernández

Fotografía: Brais, Carballa, Fernando Bellas, Xurxo Fernández, Albán.

Dibuxos: X. Marín, X. Maside, A. Sucasas, Fiz Valcárcel, P. A. Estevez, A. Lamela, Alexandro, Loquis, C. Corredoira, X., Xoxardo.

Publicidade: Antonino Torón Fernández. Telf. 582613.

Redacción e Administración: Troia, 10-1.º - Santiago Redacción: Teléfono 582681. Administración: Telf. 582613.

Imprenta: "La Región, S.A." Offset. C. Quiroga 11-15. Ourense. Dep. Legal: C-963-1977.

Distribución: A Coruña Librería Colón, Telf. 222206. Santiago, Prensa Nacional, Telf. 583456. Pontevedra, Librería Cao, Telf. 855374. Vigo, Distribuidora Vigués, Telf. 414570. Ferrol, Distribuidora Velo, Telf. 357707. Lugo, Souto, Telf. 213425. Ourense, Vda. de Lisardo, Telf. 230218. Bilbao, Distribuidora Vasca, Telf. 4231933. Barcelona, F. Rafales Artal, Telf. 2433658.

(VEN DA PAXINA ANTERIOR)

pero, pola contra, de maior calidade.

De sempre, a comercialización do noso tabaco esgivo intervida por "Tabacalera S.A.". "En Galicia este produto sempre foi mal tratado pola "Tabacalera", xa que ésta sempre estivo a facer o que quixo e o que non fixo foi propiciar a súa produción". Tamén é de salientar o feito de que o organismo oficial que facilita a asistencia técnica é o "Servicio de Tabaco", que realiza, a súa vez, a fermentación deste produto. Aquí somentes se cultiva e cura. O "Servicio de Tabaco" unha vez realizado o proceso de fermentación, o entrega a Tabacalera, que é quen comercializa.

**O KIWI, EXPORTADO A ALEMANIA**

Outro dos produtos cultivados descoñecido na nosa terra é o kiwi, rico en vitamina C e con grandes propiedades dixestivas, procedente de New Zealand. Polo feito de que Galicia estaba na área bioclimatolóxica das Antipodas, os alemáns viñeron investigar a posibilidade de cultivo en Galicia.

E deste xeito, leváronse a cabo unhas primeiras experiencias en Redondela, Tui e Caldes de Reis. Pouto tempo despois, o cultivo iase estender a outras zonas da provincia da Coruña. Ambas as experiencias amosaron que o cultivo do kiwi propiciábase tan ben como en New Zealand. Unha vez vistos os resultados, os alemáns constituíron unha sociedade, a de "Produtores Actinidia-Chineses", que exporta todo o que aquí se leva producido ao longo destes cinco anos e que no ano pasado veu a supor a cifra de catro millóns de pesetas dunha produción de somentes catro hectáreas.

"O kiwi é un fruto que se recolle en decembro, namentras que en New Zealand a colleita faise nos meses de xuno, xullo e agosto. En Redondela hai unha boa extensión que dá unha gran produción". O cultivo deste produto tamén é bastante fácil, algo parecido as vides e moi raras veces o ataca algunha enfermidade.

**OUTRAS VARIETADES DE PRODUTOS DE HORTA**

A zona costeira sería a axeitada para que se deran todo tipo de produtos de horta. Galicia, polas súas condicións climatolóxicas, pode producir cebolas, allos, zanaorias, pementos grandes, pementos pequenos, pepinos, repolo, xudías... E precisamente no sul da provincia de Pontevedra onde esta climatoloxía especial que se precisa pode propiciar o seu cultivo. Nos minifundios estudouse a posibilidade de que, por exemplo, se diran outro tipo de pementos que brotarían moito antes que os de Padrón. "O problema reside en que todas aquelas persoas que intentaron de levar adiante este tipo de cultivos nunca recibiron axudas de ningún tipo, nen cretos nen axuta técnica..."

XOSEFINA L. CORRAL

**O MAL DA PEDRA, enfermidade dos moimentos coruñeses**



Nestes días está na opinión pública o problema da conservación da Torre de Hércules, moimento histórico, artístico e emblema da cidade da Coruña. O vello faro romano revestido en tempos de Carlos III sofre do fenómeno da meteorización da pedra, polo que o granito vaise esfarelado pouco a pouco astra desaparecer e romper coa estrutura do edificio.

Este mal non só o é da torre brigantiña senón que tamén o sufren todos os vellos moimentos da "Cidade que sobre os mares ergue a cabeza altiva" como decía Curros, porque precisamente as cousas desta enfermidade serán os ventos e os salitres oceánicos, ameaza do patrimonio arquitectónico en pedra da Coruña e de moitas outras vilas artísticas da costa galega.

**VENTO, SALITRE E PERIXEL**


A maior parte das edificacións graníticas desta cidade está con pedra de grau grosa procedente das canteras de Visma e do mesmo entorno da Torre, tamén cun certo componente de salitre. A erosión fai que o grau salte, acción que completan os ventos, a humidade e o sal, así como os frecuentes vendavais nesta zona. Pero paradoxicamente as paredes máis afectadas do moimento son as da súa cara Sul, a faciana da Torre que da cara á terra, porque será a arenisca que trae o vento a que acelere o proceso de meteorización e descomposición dos bloques graníticos e das xuntas, visibelmente desgastados.

Precisamente a partir desta noticia sobre o estado actual da fachada Sul da Torre de Hércules non fallaron as hipóteses e as divagacións máis variadas que se recolleron na prensa. Velaí como sin fontes, nin argumentos científicos se argalla que en 1981 será o BINILENARIO da construción do faro coruñés, pódoso o ano 19 a. C. como data certa. Supoñemos que tal fecha ven dada porque nese mesmo ano as Guerras Cantabras danse por terminadas, o que poidera ser un argumento por mor de consolidar o tráfico oceánico cas Illas Británicas, máis sen embargo a opinión científica máis xeralizada pon a construción, ou reconstrución do faro (98-117).

Certamente a Torre merece os mimos e o celo dos cidadáns

e das institucións, pero compre ser obxectivos e sobre todo facer que a Torre non acapare exclusivamente a atención que merecen outros moimentos coruñeses sofredores do mesmo mal.

Eis as igrexas Románicas de Santiago e Santa María, cuos timpanos, torres e paramentos se atopan comidos pola sarna da meteorización. Eis o Xardín de San Carlos, recentemente coidado e limpo pola Dirección Xeral do Patrimonio Artístico como novamente voltan a brotar as plantas... Porque dos males dos moimentos da beiramar será o chamado perixel de mar (*Crithum maritimum*), herba cuxas raíces furan polas fendas deica desplazar a cantaría, mal que se ouserva nas murallas Renacentistas da Coruña e no mesmo Castelo de San Antón, en cuxa fachada os escu-



dos aparecen tamén relambidos polo fenómeno da meteorización, quizais o fenómeno máis grave dos moimentos coruñeses ao que se ven sometidas as portas do Parrote, do Clavo e San Miguel e xa non digamos as Casas de Paredes na Marina Coruñesa, construcións neoclásicas cuxas columnas aparecen totalmente gastadas e en estado de perigo, mal que chega a outros edificios, Panaderas, Capuchinas, Santo Domingo....

**UN MAL AO QUE COMPRE PORLLE REMEDIO**

Mais outros núcleos da poboación da beiramar galega non son alleos a este fenómeno do vento, o salitre e o perixel. Muros, Viveiro... esencialmente nas Rias Outas dáse máis este proceso destrutor do granito, que non é somentes da Coruña.

A solución para a conservación do Patrimonio e apartalo deste mal non é fácil. Sinxelo poide ser en grupos escultóricos, os que se traten con capas dunha cera especial. Pero máis complicado é nos grandes edificios como a Torre de Hércules, onde habería que repor os bloques de grau grosa por uns de grau máis fino e por tanto máis resistentes á meteorización.

O Patrimonio Artístico, Obras Públicas e a Dirección Xeral de Portos, no caso da Torre de Hércules xunto cos Axuntamentos deberían preocuparse por este mal ameazante dos grupos arquitectónicos situados na costa galega. O exemplo da Torre de Hércules pode servir para encetar estudos e obras que permitan conservar desta enfermidade certos moimentos galegos. Mais compre non esquecerse de outras vilas e outros conxuntos: Románico, Renacemento, neoclásico... tamén ameazados por esta sarna localizada xa nos moimentos coruñeses, concretamente na Torre de Hércules tan representativa da cidade e de Galicia.

F.S.

**e Ensino**

Revista Galega de Socio-pedagogía e socio-lingüística

Editada por "PROMOCIONS CULTURAS GALEGAS S.A." sob o patrocinio da "ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA"

**SUSCRIBASE DESDE XAI**

Ingrese o importe da suscripción anual de 1.200 pesetas na conta 01-500.000-5 do Banco de Vizcaya, Sucursal da Avenida de Buenos Aires en Ourense, por xiro postal, transferencia bancaria, ou talón, indicando seu nome, apelido e domicilio.

## VIGO AS DOENZAS "SILENCIADAS"

Aínda que non existen estadísticas sobre o problema, ao falar hoxe en día cun médico especialista en venéreas e cos practicantes das fábricas, por exemplo, permite supor que estas afeccións están "azoutando" á nosa cidade dun xeito alarmante. Diversos factores converxen nesta realidade das venéreas que aquí inciden especialmente; o porto, entre elas, xoga un papel importante.

Nas grandes empresas de Vigo, tais como Citroën ou Barreras, détéctase un agresivo aumento dos afectados. Esta situación amósase máis agudizada en centros de traballo con persoal misto, como o Corte Inglés, onde tivemos ocasión de escoitar de boca do médico especialista, que era "un foco de contaxio".

Compre decir que non hai dados rigurosos sobre o tema e estas valoracións teñense que apoiarse en impresións e persoas directamente vencelladas ao tema.

Así e todo, característico dos doce derradeiros anos é en intensificación destas afeccións, despois de que a ciencia e o progreso dos antibióticos conquerran case erradicadas no pasado, chegando as cifras a valores mínimos entre 1955 e 1958. Segundos os datos da Organización Mundial da Saúde, o índice de caso comunicado de sífile primario-secundaria, por cada 100.000 habitantes en idade sexual, foi de 21,6 en 1950, baixando a 3,8 en 1957 e subindo outra vez en 1961 a 10,4, índice que se mantén con algunhas flutuacións nos derradeiros anos.

No caso da blenorria, máis habitual que a sífile, hai que sinalar un aumento acelerado, aínda que o bombardeo quimioterápico e antibiótico hoxe

posíbel convírteas en menos graves.

### COS PRIMEIROS SINTOMAS, VARIAS POSIBILIDADES

Os vigueses que sinten no seu corpo os primeiros síntomas desta quiniela con participación venérea na que as veces se convirte o intercambio sexual, teñen varias posibilidades sanitarias: ir a consulta privada; ao servizo gratuito da Sanidade Exterior — habitualmente vacío de xente —; acollerse á Sanidade Social; á Casa do Mar os que teñen relación con ela e, por último, a solución peor, pero máis utilizada: a automedicación. A facilidade de obtención de fármacos de tipo específico leva a moitos a utilizar esta vía que lles evita pasar vergonzas nas salas de espera das consultas, que aínda teñen os afectados polas venéreas. Está a vía utilizada case unicamente polas mulleres que traballan na prostitución e non só por razóns de desinformación, senón, no caso de moitas portuguesas, pola súa estancia clandestina en Vigo, sen permiso de residentes, que as impulsa a evitar contactos con médicos oficiais.

### AUTOMEDICACION IGUAL A MALA CURACION

O dispensario de Dermato-

Venéreas, que con carácter gratuito Sanidade ten en Vigo, rexistrou un outo movemento nos anos cuarenta (nos trinta, coa prostitución legal, tiña no Hospital Municipal un pabellón para tratálas, e unha consulta periódica obrigada as prostitutas) e tamén tivo un papel moi activo na campaña antivenérea que por este procedemento se levava en todo o Estado Español.

Agora vai moi pouca xente, non só por que non coñece este servizo ou ten certa desconfianza dos gratuitos, senón porque grandes sectores da poboación están cubertos pola Seguridade Social, ademais do recurso de automedicación.

Don Manuel Caramés, médico titular deste Dispensario, é especialmente crítico respecto a costume de automedicarse:

"non se pode nen calcular o porcentaxe de enfermos que se automedican comparado cos que van aos especialistas, pero o que si está craro é que queda habitualmente mal curado. A infección pode seguir dentro sen que se den manifestacións externas, e peor, seguen contaxiando. A facilidade de conseguir sen receta algúns produtos farmacéuticos, contribúe aínda máis a que se diseminan as venéreas. Así imposibilitase a localización dos contaxios, do enfermo, tendo dos primeiros enfermos como aos que contaxiaron máis tarde".

Por outra banda, e referíndose á prostitución, se o de Vigo, o barrio meirande de toda Galicia no mercado erótico, non está sometido a controis sanitarios e polo tanto convírtese nun foco contaminante, no campo da prostitución homosexual e opinión do Dr. Caramés e a seguinte:

"Os homosexuais teñen relación moi frecuentes — refírome aos que trafican co seu corpo e hai contaxios numerosos co agravante de que a blenorria rectal é moi difícil de tratar".

Se a legalización ou non da prostitución diminuíra os casos de contaxio é unha cuestión polémica, e hai especialistas que non cren na súa eficacia. Por exemplo, o doctor Nicolás Peña, xa no 1933 xefe do Dispensario de Hixiene Social do Estado en Vigo, dí:

"o réxime regulamentarista era de valor sanitario relativo en canto que o censo de prostitución era insignificante co moi alto número de mulleres que traballaban na clandestinidade, a parte de que as prostitutas oficiais, coñecedoras de que levaban o contaxio, non asistían a recoñecementos, xustificando a súa ausencia con motivos dificilmente comprobábeis".

## crónica política

*Sectores concienciados do noso pobo preguntánselle que ponto a manipulación groseira dos escritos de Augusto Assia pode enganar aos seus lectores, tendo en conta a cantidade de disparates irracionais que unba mente loxica e crítica descobre neles. Isto e, ate que ponto son eficaces as súas crónicas no obxectivo de desprestixiar o nacionalismo popular. Por iso, porque cumpren unba función propagandística fundamental no combate político a través da prensa, imoslle prestar nesta sección unba atención específica.*

*Desde logo, o público destinatario das súas crónicas son amplas capas de lectores directos ou a distancia, cheos de prexuícios, dominados nas súas opinións, que teñen a letra impresa, de grande tirada, como algo sagrado. Polo tanto, a finalidade esta en reforzar, encerrar os prexuícios xa poseídos, facer medrar a confusión e o medo afogantes, impedir a concienciación progresiva do pobo. Neste sentido, os topicos que Augusto Assia utiliza son do mais eficaces. Collamos as súas crónicas sobor do caso Franqueira. Denuncia o misterio que a propia información oficial efectivamente fornece (parece unba historia de "brujas", di o cronista). Utiliza termos connotados negativamente que ninguen dos prexuíciosamente informados sabe ben o que queren decir, pero cangados de peligrosidade ("marxismo-leninismo"). Culpabiliza, como chivo expiatorio, da mala situación económica e dos atentados contra a riqueza forestal as organizacións políticas que se quer perxudicar (destrúen a economía galega e incendian os boscos). Vinculaas co negocio de drogas.*

*Atribúelles un certo poder (manexan diñeiro, teñen un apoio da prensa e radio), de tal maneira que non se vexan como probes vítimas. Non defenden o país, pesie as apariencias (fan "uso espureo del galleguismo").*

*Concreta de maneira clara as siglas que socialmente están mais espalladas e, xa que logo, compre danar politicamente (Bloque, Comisios Labregas).*

*Desta maneira, precisados os enemigos, creado o misterio que non o e, denunciada a súa peligrosidade, soio cabe actuar contundentemente: esixir a súa destrución pura e simplemente a calisquer precio. Son os culpábeis de todo. Faise así unba inversión perfecta.*

*O oscurantismo social sae reforzado, pero a partir do manexo de datos que teñen algo de reais, pois efectivamente hai para amplos sectores populares misterio nestes casos; efectivamente estase destruindo a nosa economía; efectivamente hai incendios; efectivamente manexanse cartos; efectivamente hai tráfico de drogas; efectivamente faise unba manipulación dos medios de comunicación, e efectivamente faise un uso espureo do galleguismo. Pero os que fan todo esto son precisamente aqueles a quen defende o Sr. Augusto*

*Assia. Irracionalmente convírtese en enemigos do país aqueles que realmente loitan contra da súa indignidade. E decir, os enemigos da patria son os que protestan. Os que venden o país ao extranxeiro acusan aos que loitan pola súa soberanía de estar ao servizo e mandato de forzas obscuras e perigosas. Non hai mellor maneira de confundir a partir de datos que teñen certa veracidade. Soio se recorre a unba inversión perfecta. Na morea de confusión informativo, non e facil para moitos sectores populares, engaiolados na orbita do poder caciquil establecido, liberarse de tanto prexuício, de tanto medo, de tanto oscurantismo en que tencionan facelos permanecer os propagandistas da mentira e do cinismo.*



F. FRANCO

resumes

DECLARACION DA UCD

A UCD "ga" vén de facer pública unha nota pedindo a "unidade a prol do Estatuto", e afirmando que as promesas de Suárez cando o debate parlamentario garantizan que Galicia terá "autonomía de primería". Asemade, rexeitan (madia leva) o secuestro de Franqueira, e "los intentos de introducir la violencia armada en el campo y ciudad gallegos"; tamén rexeitan "las actitudes irresponsables de apoyo encubierto a los secuestradores". Se eles din que as hai, deben sabelo ben...

PARO DO TRANSPORTE EN LUGO

Do 16 ao 22 deste mes, na provincia de Lugo está prevista unha folga do transporte discrecional de mercancias, convocada en varias provincias do Estado pro FENADISMER, federación estatal de Asociacións do sector. Os temas orixe do paro son, segundo os convocantes, o cumprimento da "Ley de Control", declaración administrativa de portes, centros de distribución e control, inspección e decreto sancionador de intermediarios e intrusos e estudo do control sobre consumo de gas-oil.

PECHE VECIÑAL CONTRA O TRASLADO DO INXENIEIRO DE ICONA XAN HIGUERAS

Unha representación veciñal de boa parte dos municipios da provincia de Ourense mantiveronse pechados durante tres horas, tempo que tardou a policía en desaloxalos, na sede de ICONA en Ourense.

O motivo diste peche foi a protesta polo traslado de inxeniero Xan Higuera a Vitoria, como sanción por unha disputa mantida con outro inxeniero en momentos tensos nos que un vixiante de oitenta anos estaba atrapado por un incendio, e que non tive meirande trascendencia.

os veciños manifestan o seu desacordo coa postura de ICONA, menos que iste organismo reconeña públicamente "que a sua misión en Ourense non é conservar senón destruír".

Manifestan tamén que esta é unha política de partido xa que nen se esperou que fora fallado o correspondente recurso para obligar ao traslado. Esixen, asimismo, nun escrito avalado por milleiros de firmas, que se revoque esta sanción "franquista e anticonstitucional".

O CONDADO As graveiras contra o Miño

X. A. SUAREZ

A RAZON DA FORZA POR RIBA DA FORZA DA RAZON

O conflito do posibel peche das graveiras vai atinxindo cotas máis outas de enfrontamentos e provocacións. A través dunha serie de comunicados entre os que destaca o do Comité de Salvación do Miño, veuse informando a opinión pública da situación ilegal na que se atopan as plantas da extracción de áridos nas ribeiras do Miño.

Nen un só comunicado explicando a sua conducta por parte dos empresarios. Incluso ao aparece — con sorpresa — no xornal da capital da provincia dúas páxinas adicadas ao problema, non verquian nelas a sua opinión. Porén, aínda que aparentemente non participen, os graveiros están a utilizar unha forza de choque que polos seus condicionamentos sociais ten bastante incidencia sobre os sectores máis desinformados dos moradores das ribeiras do Miño, nesta bisbarra do Condado.

Porque é sospeitoso dende todos os puntos de vista que nin-

gún deles, ningún dos "homes de empresa" que desde fai máis de quince anos veñen sangrado, sen escrúpulos de ningún tipo. O canle do Miño non vercan nen unha soia verba para defender uns intereses que tan cómodos beneficios lles proporcionou astra hoxe.

BOICOT DUNHA REUNION

Esta polémica pode ser, se alguén non lle pon freno, tráxica.

A nota que dábamos a semana pasado de enfrontamentos verbais que podían rematar sen-

do físicos, non era esaxerada. O pasado xoves, día doce, o Comité de Salvación do Miño tiña unha xuntanza na Aldea de Tui, sede tamén dunha graveira, xuntanza que non se celebrou pola intromisión dalgún dos traballadores da devandita planta, capitaneados por dous deles con evidentes síntomas de inxestión etílica poisque momentos antes estiveran a librar alcohol en abundancia, na compañía do seu patrón, polos bares da parroquia.

ATAQUES A MEMBROS DA C.S.M.

Pese a todo esto os membros do Comité encetaron a sua xuntanza, interrumpida xa polos oito ou dez traballadores, entre insultos e impopérios. Os integrantes do Comité tentaron facerlles ver que os enemigos reais non era o Comité de Salvación, senón os que os estaban manexando. Tornouse a actitude agre-

siva en diálogo e esto non o consetiron os dous que tan boas migas facían momentos antes co patrón, entrando en xogo a frase, que é definitiva da actitude empresarial: "O meu patrón díxome que il xa tiña bastantes millóns e que o problema era noso". Seguido empezaron de novo os berros e os insultos. A saída, un concellal do Axuntamento de Salvaterra, con historia na loita obreira, viuse ameazado por unha navalla que empunhava un dos que rebentaron a xuntanza, con evidentes desexos de facerlla probar. Un dos membros do Comité foi pedir a intervención dun Guardia Civil, presente durante toda a disputa; pero a contestación do axente do orden foi: "que voi hacer yo, ellos defiende su puesto de trabajo", mentras alzábanse comentarios de mellor sería actitude fora adoptada cando outros obreiros, como no caso de Censa, enfrontábase a patrónal.

AMENAZAS

Tamén días antes e a traves do crego de Salvaterra recibiu recado outro membro do Comité de que lle ían a queimar a casa.

O domingo día quince saíu unha nota na prensa e na radio suscrita, ao parecer, por seis representantes laborais, na que entre outras cousas dise: "rogamos a los medios de difusión, radio, prensa y TV no inserten comunicados de CSM, por que nos intranquilizan si juegan con nuestro pan y puede suceder cualquier cosa". E claro, xa no día seguinte, Antonio Bertolo, farmacéutico de Vilaboa e membro do Comité, foi visitado por un individuo que tras preguntarlle se o coñecía e recibir contestación negativa espetouille: "se falas algo en contra das graveiras abrimosche a barriga d arriba abaixo". Noticias inda sen confirmar falan de que lle derrunbaron algunhas estanterías de medicamentos.

Segundo as últimas averiguacións o individuo é veciño dunha parroquia de Salvaterra e posibelmente traballa nunha planta de extracción de áridos.

De todos estes feitos foi dado parte ao xuzgado e tamén ese día o Goberno Civil de Pontevedra sacaba a sua noticia lembrando a prohibición de extraer area do Miño sen autorización. Esperase, pois, que o peche se produza en pouco tempo.

NON FALTA MAIS QUE UN MISTO

A representación do PCG no axuntamento de Lugo vén de presentar unha moción referida ao emprazamento dos depósitos da CAMPSA na cidade, mesmo entre o barrio de Paradai, Estación do F.C. e Gándaras de Piñeiro. Hai tempo, os concellais do BN-PG presentaran unha moción semellante sobre unha gasolinera situada en plena Ronda de Murala. Como para que caia un misto aceso...

carta entreaberta O señor de Xanceda arnea de novo

O SEÑOR DE XANCEDA ORNEA DE NOVO

Querida Directora:

Xa un pensaba que o mellor desaparecera do mapa este prehistórico e cavernario antecesor de pacenciuños anque pouco eufónicos animas, e que polo tanto Galicia era máis habitable. Había tempo xa que o señorito de Xanceda, propietario de centos de vacas e aoutor de milleiros de libelos, gardaba púdicas formas e sabio silencio sobre os patriotas galegos. Xa un respiraba ventos de montaña non infectos con fedorentas paioladas de nazi frustrado. E astra pensaba un que o señorito preparaba unha calada xubilación no seu "rancho" coruñés, con sopas e bon viño como perteece a tal escribidor vetusto, cando de novo un orneo descomunal, un rincho desforme, unha ridícula anque mastodóntica imitación de voz humana, estala de novo nas páxinas da Coz de Galicia en forma de carta aberta.

Por certo que en grande ocasión foi. O rancheiro proianqui anque tamén anglófilo — e suterradamente hitleriano — non podía ficar indiferente diante da oportuna farsa do secreto frustrado doutro barón medieval de Galicia. Non perde o tempo o barón escribidor en titular a "tranquila virilidade" do rancheiro de Ourense, que tén como posesións toda unha provincia e impón a sua lei coma calquera "vaquero" de película do Oeste made in Almería. E en vez de escribir en plan Estafania unha novela chamada "Cazador de re-



compensas", aproveita a ocasión pra mesturar nun baturrillo badoco touciños con velocidades e pra apoñerlle participación nun intento de secreteo á xente do Bloque.

Véselle a orella ó señorito escribidor, vézelle a orella medo cerval cando ladra e ladra como ladrán os cans de palleiro cando ventean o lobo. O lobo do señor de Xanceda chámase bloque, chámase comisións labregas, chámase unión do pobo galego. Conceptos son estes — galegos en bloque, labregos organizados, unión popular — que arrepián o señor de Xanceda, porque non sempre a condición reaccionaria, nazi e represiva, vai xunguida co valor.

Secadra os máis grandes ditadores da Historia — coma Hitler, Mussolini, Batista, Francisco Franco — eran tristes persoas mortos de medo, o medo que mete medo. O señor de Xanceda non chega a tanto: o seu medo non tén a tráxica grandeza do medo de Napoleón. O seu medo é unha cousa tristeira e minúscula, un medo que apenas nos arrepiá un pouquiño antes de ceibarnos unha gargallada.

Porque temos que reconocer que os ditadores son xente má, pero non abonda con ser mao pra ser ditador: coa maldade namais só se pode chegar a ditador de opereta.

Eu non entendo como o señor de Xanceda pretende ser tan inglés, tan lord decadente e conservador, tan británico e flemático. Esta pose non lle vai, se hamos crer a queos que non falan da tranquilidade proverbial do inglés que non se inmuta por nada. Eu non creo moito nesta tranquilidade inglesa — unha necesidade máis do catálogo das que os europeos nos aplicamos mutuamente —. Pero el si cre, e polo tanto debía respetar con máis gallardía esta imaxe. Porque, meu señor de Xanceda, desde a miña bimilenaria cidade de Lugo, sinto, o cheiro de adrenalina que Vostede segrega. Sei tamén que o seu pánico non obedece ó temor de que o secreteo o bloque — que sabe tan ben coma min que non anda nesas cousas —. Vostede é coma neno que fala do papón que viu de noite, cando o que pasou foi que fixo pis na cama.

Señor de Xanceda, que a estas alturas xa lle coñecemos o vicio: Vostede ó que tén medo non é a que o secreteo o bloque, senón a que lle quite as vaquiñas que tén de máis.

Eu, anque inimigo, darríalle un consello de amigo: non nos teña tanto medo. Nos someslle boa xente. E ademais, teña en conta que o medo é moi grande axilizador de escresións, e a este paso non vai ganar pra calzoncillos.

DARIO XOHAN CABANA

# MANUEL TORRES "quero vivir para pintar"

Manuel Torres, que o pasado martes cumpriu 80 anos, de sempre foi reaccio as entrevistas porque segundo nos decia "eu non teño nada importante que decir, por min fala a miña obra". Na súa memoria aínda se conservan feitos recentes, como aquel primeiro dibuxiño seu, aos catorce anos, feito na escola.

Pintor figurativo, escultor foi sempre un autodidacta que se axuda da musica, "eu non sei tocar o piano, a pesares de que me gustaria ter un sitio onde poder tocalo moi forte", e para quen fundamentalmente a arte e o seu xeito de vida.

¿Como foron os seus inicios na pintura?

Na escola, no mesmo libro que eu tiña nas mans, namentras o mestre explicaba, eu dibuxaba. De pintura non estudei nada porque non había maneira de informarse. Ademais, o ambiente en certa medida menos preciaba a ocupación dun artista, dun pintor, e xa non falemos dun poeta, ao que se consideraba un tolo, porque o artista estaba considerado como unha persoa que non tiña en que pasar o tempo e adicarse a facer parvadas. Mais adiante, coñecín a Bellafins, cando copiaba cousas do "Blanco y Negro" de Garcia Rodriguez, Abendaño... Bellafins, a pesares de non ter formación ningunha, poseía un gran sentido do color. Pero en realidade como non sabía pintar, mal me podía ensinar. Despois xa non tiven relación con ningún en.

Ent'ón, p'odese decir que vostede foi un autodidacta.....

Si, si, completamente, sempre. Eu astra que fun pensionado para Madrid pinteiro por vocación, por unha certa tendencia. Ademais, o meu triste cargo, que malamente deume para comer, quitoume horas para adicarme ao arte. No ano 25 marchei para Vigo e como Carlos Maside, deixara o seu posto de dibuxante-caricaturista en "El Faro de Vigo" e pasara a "El Pueblo Gallego", eu ocupei a súa vacante, pero non porque o meu arte tivera interese... Deste xeito, empecei a miña labouira como dibuxante con viñetas ao estilo das de Castela no período "Galicia". Logo, no ano 28, pensionáronme para ir a Madrid. En pouco tempo adiantei moitísimo, ou polo menos era o que me decía Maside.... Asistín a unha clase na Escola Libre do Círculo de Bellas Artes, pintando tres horas do natural e tres horas de dibuxo. Pouco tempo despois, os alumnos da Escola artellamos unha exposición na que eu presenteí dous cadros. Resultou que, asegundo Xulio Prieto, S'anchez, o famoso dibuxante de por aquel ent'ón, e o escultor-animalista, "Compostela", Francisco V'azquez D'iaz, os meus cadros eran os milllores. Tamén pinteí un bodegón, de case un metro cuadrado, que regalei a un persoa de Pontevedra, amigo meu. Eu coidaba que me ía dirixir na cuestión artística... e non foi así. Iso si, facíame moitas visitas para pedirme cousas, pero dar... Daquelas tamén, no ano 32, o difunto escultor Teiró e mais eu fixemos unha exposición no sótano do Casino de Vigo, da cal conservo os dous cadros. Asimesmo, o da "Exposición Nacional" do 32 en Madrid, a roupa dun buxo, coa escafandra no chan, o conservo. Sen embargo, a pesares da boa acollida dos meus cadros non mandei ningún outro a esta exposición... non me gusta. Logo seguí expondo



aquí, procurando sacar mais de dentro que de fora, porque eu seguía sen poder documentarme e non tiña tampouco a oportunidade de ver exposicións.

A súa pintura e figurativa, ¿que opina dos outros movementos?

S'í, a miña pintura é figurativa porque a min gústame a arte abstracta. Todos os outros movementos entusiasmanme, pero eu non podo pintar unha romería, poñamos por caso, porque é algo que non me enche. O arte abstracto expresa, a través dunhas liñas e manchas, un estado anímico do autor. Son figurativo coa condición de que non sexa unha entrega aos obxectos. As veces un, tentando de perfeccionar a súa obra, remata por estropeala. Sen embargo, eu admiro a todos porque cada un ten o seu valor.

Vostede é un dos clásicos, non si?

Non, de iso nada. Son unha

persoa con certa vocación, fago o que podo e quixera facer máis. De extraordinario non teño nada. Se pintabamos era por fe a arte, porque ganar non gañabamos nada. Eu somentes quero vivir do arte, porque gozo, disfruto....

E, asemade, por que vostede vende tan barato?

Eu non sei se vendo barato ou caro. Eu non me considero nada relevante como para pedir disparates polos meus cadros. E amais disto, como non teño afeccións de grandeza nen de enriquecerme... pois quero seguir vivindo moitos anos pintando.

Vostede foi separado do seu medio docente....

Fun escolante... por desgracia, xa que botaba meses e meses sen pintar nada porque tiñame que adicar de cheo a escola e carecía de estímulos, de alicientes. Fun separado da docencia por un ano porque se lles ocorreu a eles, cando o da guerra, pero nen eu nen os outros tiñamos culpa de nada.

Mira, nen xiquera desenrolaba unha actividade política porque nunca estiven vencellado a ningún partido. Eu somentes daquela era galeguista, daqueles verdadeiros galeguistas que viviamos e traballabamos pola nosa terra. Ao ano seguinte fun reincorporado astra os sesenta e cinco anos....

Como mestre, ¿considera que a pintura pode e debe ser utilizada como método didáctico?

Eu desde sempre comprendín que modalidades artísticas como son a pintura, a escultura e a música deberían formar parte, como unha cousa indiscutíbel, do ensino nas escolas de primeira enseñanza. E seguindo este criterio meu persoal na miña escola pintaba para os rapaces, pero nunca os obriguei a pintar para que non me dixera: "boh! como este señor e pintor, quere que os demais fagamos o mesmo". Doutra banda, e nos anos trinta e pico, publiqué unha serie de artigos sobre psicoloxía do dibuxo infantil, cando ninguén se ocupara de semellante cousa. Mesmo parece-

me outra cuestión importante non o feito de ensinar solfeo, senon de levar discos as clases e ir contando un pouco a vida dos distintos compositores. Agora empezan a darlle creto a todas estas cousas. Coido que non fai falla que se estude moito porque o que interesa e que se cree un ambiente axeitado e mesmo despertar unha inclinación. Dos dibuxos de rapaces que conservo, un deles, o de un subnormal, é maravilloso. O rapaz, por instinto, fai cousas extraordinarias sen ser un artista.

¿A política conforma a pintura?

Nalguns casos, si, porque hai señores que son excravos da política, pero non creo que sexa necesaria para desenrolar unha actividade deste tipo, xa que en moitos casos foi arte sen ser política e o arte abstracto non ten un fin político, senon que máis ben é a expresión da alma dun artista.

Entón, ¿vostede non concibe o arte como medio político?

Eu si, o que pasa e que a min non me gusta que o arte sirva para iso, porque ¿para que política? ... Se dixeramos que hai unha política que vai facer felices a todas as persoas, entón si. Porque tamen a todo o mundo comove que un teña sensibilidade, e ao millor non e de dereitas nen de esquerdas, non e de nada....

¿Que función debe ter o arte?

Coido que en primeiro lugar o arte debe ter unha función digna de pracer. Logo hai outros cadros que levan consigo unha lección, como os murais de México, algun que outro que, por exemplo hai en Catalunya....

Vostede tamen é escultor, non?

Teño algo de escultura, Boeno, somentes teño un busto que esta aquí, en Marín. O primeiro e o último, sen contar dúas cabezas que teño de dous rapaces da escola, outra figura dunha muller e unha maternidade, feita nunha pedra que topei na miña finca. Se tivera tempo gustaríame facer escultura sólida, de grandes volumes, de formas cerradas, redondas.

¿Pensa que a nova situación política inflúe nos pintores de hoxe?

Mira, eu nen xiquera escoito as noticias deso que chaman telediarrio da televisión, porque a min de nada me sirve e nada me di que prometan e prometan cando non saben de antemán se van poder facer algo. Todos son promesas, e ademais hai tal mistura e amalgama de partidos, non sei, non sei.....

XOSEFINA L. CORRAL

Fotos: Alban Laxe



Fotos: ALBAN/LAXE



FERROL

A "NEGOCIACION" DE ASTANO

Unha suba salarial que en moitos casos non chegou ao 2 por cen, retroceso en diversos aspectos sociais, o estudo da "viabilidade" do punto de Previsión Social por parte da empresa e importantes aspectos inda pendentes de dilucidar, son, a groso modo as conclusións que podemos sacar do balance da negociación do convenio colectivo de Astano do presente ano.

Atrás quedaron varios meses de negociacións nos que, e dun xeito sorprendente para todos, o Comité de Empresa trataba de evitar a xeneralización da conflictividade social. Diste xeito o mesmo que na Bazán, tamén diante do seu convenio colectivo, e así os comités de empresa de ambas as dúas factorías (nos que CC.OO. e UGT son maioritarias) soslaxaron a confluencia das dúas negociacións fronte á Administración española.

ENFRENTAMENTO ENTRE AS ALTERNATIVAS SINDICAIS

O sindicalismo nacionalista mantivo ao longo da negociación unha postura crítica ante o proxecto de convenio elaborado polo Comité de Empresa ao considerar que constituía unha nova merma do poder adquisitivo dos saláridos ao tempo que unha regresión en innumerables aspectos sociais, e denunciou ás centrais estatais por bloquear no seo dos Comités de Empresa calqueira resposta mobilizadora encamiñada a forzar e variar a posición da Administración. Como consecuencia, e cando era a única alternativa que quedaba, a ING defendeu ir ao laudo aducindo que o convenio colectivo non é unha loita aillada e que toda cesión por parte dos traballadores nos seus plantexamentos iba ser ins-

trumentalizada polo Goberno para tomar medidas drásticas na restructuración do sector.

As posturas das centrais españolas serían heteroxeneas, USO e UGT, por eso de que os sindicatos hai que valoralos polo que consiguen e non polo que piden, defenderían en todo momento a firma do convenio. Pola sua banda, dentro de Comisións, mantiñase posturas diferentes entre os propios membros da Comisión negociadora do convenio (Gumersindo Pita, Ramón Agra, Sardoal) pertencentes a CC.OO., calificados de oficialistas, e o chamado sector histórico, (Pepe Díaz, Carballedo e outros dirixentes de Comisións, ex-membros do PC). Fonte digna de crédito sinaláronos que isto obrigaría a Juan Ignacio Marín, secretario de acción sindical da federación estatal do metal de CC.OO., e a Amor

Deus, Secretario Xeral das Comisións Obreiras de Galicia, a desplazarse ao Ferrol e poñer orde nas súas filas. A oportunidade da visita, unida a convocatoria dunha sección sindical ampliada das Comisións Obreiras de Astano (a que acudiran todos os militantes do PC adicados a outras tarefas da vida política), traducíriase nunha postura de síntese entre as dúas tendencias, que non era nen máis nen menos que a derrota dos históricos, obrigados a desdecirse e defender un sí rotundo.

VITORIA PIRRICA CON REFERENDUM

Neste contexto chegase a asemblea xeral que tiña como obxectivo acordar a firma ou non do convenio colectivo. Todas as centrais sindicais, excepción feita da ING e CTG (que reaparecía en Astano tras varios meses de completo silencio) chamaban aos traballadores á firma, pero pasou que os contrarios á firma do convenio igualaban aos que se mostraban partidarios.

Diante do empate, o Comité de Empresa convoca un referendun - mecánica que anteriormente criticaba - para afirmar a postura favorable á firma do convenio. Pero tamén aquí houbo sorpresa e por unha marxe

pírrica, inferior aos catrocentos votos, o comité tiña o aval que necesitaba para a firma. Así e todo houbo que aplazar a convocatoria das eleccións sindicais que xa tiña anunciadas a posíbel repercusión nas mesmas deste proceso.

Pero a firma do convenio, non só trouxo repercusións a estes niveis, senón que cando escomenza a falarse da súa aplicación xurde descontentos que se traducen en paros e outras medidas de forza de sectores profesionais da factoría disconformes co tratamento recibido no presente convenio colectivo. Así as cousas, as mobilizacións previstas por CC. OO., USO e UGT de cara a defender a negociación dos acordos de "La Castellana," foron retrasadas sistemáticamente xa que, segundo eles, non había condicións obxectivas para a realización destas accións.

Mentres, e cando rematabamos esta crónica, o BNP e a ING anunciaban a celebración dunha manifestación en Fene, o vindeiro 24 de xunio, baixo o slogan "pola solución nacional a crise comarcal", que na palabra dos dirixentes destas organizacións "e o xeito de darlle continuidade a folga xeral protagonizada o día 15 de Abril".

CORRESPONSAL

UNION CRADYTOR: SEGUEN A LEVAR POSTOS DE TRABA- LLO

Union Cradytor volve ser noticia, inda que os problemas empezaron xa no ano 77 no que a empresa matriz, Projet Tradit, decidiu desmantelar a empresa de Ourense para levar OS POSTOS DE TRABA- LLO fora da nosa terra. Hoxe volve ser noticia como consecuencia da resolución ditada pola Dirección Xeral de Empleo ao recurso presentado pola empresa despois de ser fallado a favor dos traballadores o expediente orixinado, presentado na Delegación de Traballo de Ourense, no cal non se aceptaba a rescisión de cento oitenta e dous postos de traballo que solicitaba a empresa. Esta resolución da DGE contempla fundamentalmente tres medidas.

Suspender por un período de tres meses as relacións laborais dos traballadores de plantilla na empresa.

Decrarar en situación legal de desemprego a ditos traballadores.

Establecer un prazo, tamén de tres meses, para que os traballadores se acollan a rescisión de contrato laboral.

Os traballadores, cansados de xuntanzas, negociacións etc., nas que nunca se quitou nada en limpo, e vendo que están esgotadas todas as vías legais, están tendo mobilizacións diarias. Así, nos últimos quince días xa levan feito peches coa dirección da empresa, na delegación de traballo, na sede de UCD, concentracións diante do Goberno Civil, manifestacións ilegais, cortes de tráfico...

Neste momento os traballadores manteñen ocupada diariamente a fábrica para evitar o seu desmantelamento.

MANIFESTACION POLA SAUDE

O día 19, xoves, as oito da tarde, tivo lugar en Ourense unha manifestación baixo o lema "Pola millora da asistencia sanitaria, contra o deterioro da medicina pública" e "polo dereito a vida, aseguremos a saúde".

Esta manifestación enmárcase nunha campaña que se está a levar en toda a provincia, dende fai algunhas semanas, por unha medicina axeitada á nosa realidade.

Nesta campaña realizáronse varias asembleas polos distintos pobos e parroquias, así como mesas redondas.

BASILEA (Suiza)

OS MESTRES EMIGRANTES PROTESTAN

O nivel de eficacia do ensino para a nosa emigración non é moi alto; e isto, debido a unha serie de causas fundamentais alleas ao profesorado, pola ineficacia e mal funcionamento que ten demostrado o Instituto Español de Emigración.

Cando mandan a un profesor fora do Estado, requíreselle ser funcionario do Ministerio de Educación, facer a oportuna solicitude e mandala a Madrid. Alí fan a oportuna selección e despois comunicánnos o país de destino.

No país de destino, a máxima autoridade é o Embaixador de España e en materia educativa o Agregado de Educación, que a nivel administrativo é así como un delegado provincial de Educación. Del dependemos tanto en materia educativa como administrativa.

PROBLEMAS DO PROFESORADO

O profesorado, xente nova con algunhas ilusións, pouco e pouco vainas perdendo ao asentarse. Son os compañeiros que xa levan anos, os que se encargan de de informarte da desastrosa situación na que a Administración nos ten sumidos. A pesares de que todos os países non son iguais e non se está na mesma situación, en todos hai bastantes dificultades: libros de texto non axeitados á realidade do neno, (en Suíza trabállase, no EXB, con textos de Santillana); non

se ten en conta a orixe nacional, dentro do Estado Español, dos nenos, que son maiormente galegos e do sul do Estado. Amais disto, a disponibilidad de material escolar é escasa. Aínda que de cando en vez chega algunha cousa solta, non vén solucionar nada. Os locais cédanos polos axuntamentos suízos pero aqueles que non usan. Doutra banda, astra hai pouco, e na maioría dos casos aínda hoxeendia, está afastado de todo do país de orixe, mesmo os mestres alleos aos nativos, sendo nós, na concepción deles, unha clase inferior de mestres.

Todo isto poderíase paliar apoio da Administración española, tanto diplomática como dos dous Ministerios aos que lles atinxe a problemática: Educación e Traballo.

¿QUE FAN OS MINISTROS?

Educación paga os saláridos dos mestres e aí acabouse a súa obriga. Non presenta atrasos sobexos, somentes 15 ou 20 días e cando un é de nova incorporación pasa tres meses sen cobrar o paro.

O Ministerio de Traballo, a traveso do Instituto Español de



Emigración, ten demostrado ser un organismo sen fonda preocupación en materia educativa, e xa que logo, non fai nada para que millore. O primeiro e máis árduo problema que con el temos empeñado é unha garantía de que os pagos de saláridos se produzan con regularidade. Neste ano levamos tres, e nalgúns outras zonas, catro folgas, xa que o mes de xaneiro cóbrase en marzo, o de febreiro en abril e así sucesivamente.

Doutra banda, dos 117 profesores de EXB, 107 topámonos en paro de hai 21 e con forza para seguir astra que teñamos unha garantía de que imos a cobrar o salario con regularidade e periodicidade, é dicir, aos trinta días temos que cobrar e como moito podemos agardar 10 días. Sen embargo, esa garantía non a conceden.

A pesares de que o profesorado ten levado a cabo todo tipo de presións como manifestacións, concentracións, folgas, sentadas..... O Instituto Español de Emigración segue nas súas.

No que lle toca ao réxime interno, é de desastre. Non hai criterios á hora de asignar os saláridos, nen tampouco no que se refire aos haberes. Deste xeito, ningún sabe os haberes dos outros. Somentes se coñecen os do Profesorado, como sempre estivo a pasar no Estado Español. Por exemplo, un profesor de BUP recibe o dobre que un de EXB, como complemento de residencia, cando que os garbanzos, ao residir todos no estranxeiro, cóstannos por igual. Mesmo non se teñen en conta nen os coeficientes retributivos nen os chamados índices de proporcionalidade, co que deberíamos ter un 80 ou un 90 por cento deles.

Neste senso, a nosa loita encamiñase de cara a conseguir a regularización dos pagos, criterios retributivos xustos para todos e aplicación dos mesmos e millora da calidade do ensino.

Asimesmo, a situación dos interinos tamén é vergonzosa en canto que veñen a cobrar algo

mais da metade dos numerarios.....

CORRESPONSAL



## PSIQUIATRIA COMUNITARIA: ¿UNHA SAIDA?

Xa que hoxe parece que unha ola de inseguridade e desesperanza invade a Psicoloxía Galega, ben polo feito dunha falla de artellamento xusto nos estudos ou ben por un desconcerto dos nosos profesionais da Psiquiatría-Psicoloxía, aos que entre outros motivos parece pouco científico, xuntar ideoloxía e terapia, coido importante coñecer o desenvolvemento da Psiquiatría Comunitaria en Italia, pola súa loita constante a favor do "asoballado" e como exemplo de práctica social, que danos pé para tomar en serio o que pode ser o camiño adecuado a seguir.

Eu vivín a experiencia deste tipo de Psiquiatría en Trieste e vexo a necesidade de facer un análise histórico para entendela millor na súa totalidade.

A perspectiva antimanicomial, madura de vagar na Psiquiatría alternativa Italiana, na base dun proceso de crecemento cultural e de toma de conciencia política que pouco a pouco vaíse facendo mais craro no contido e máis difuso entre os "operadores psiquiátricos".

Os anos 50 viron o esforzo desordeado, pero constante da Psiquiatría Italiana para achegarse cultural e tecnicamente o resto dos pobos de Europa e América. O prevalecemento do idealismo en Filosofía e do positivismo na medicina sobor da ciencia do home no período pre-fascista era seguido e acentuado durante o fascismo.

A convivencia ideolóxica dos plantexamentos prevalentes no pensamento oficial católico xunto coa reacción política e cultural continuouse tamen nos anos seguintes a segunda guerra mundial, o que contribuíu no mantemento dunha situación atrasada.

No seu esforzo de achegamento cultural o ambiente científico doutros países, os psiquiatras escomezaron a recoller teorías como as do Psicoanálise, a Antropoloxía Cultural, o Análise da linguaxe, e Psicopatoloxía da expresión... etc. florecendo así as tentativas máis barrocas.

Mentres difundíase o uso das clases do Psicoanálise práctico, nas outras partes do mundo o psicoanálise xa saíra fora do diván e intentaba a vía da Institución.

O comezo dos anos 60 a insatisfacción cultural dos psiquiatras máis críticos é masiva, mentras na Universidade domina deica o ano 68, onde o campo psiquiátrico coñece o máximo de rixidez.

Namentras as novas correntes da cultura Europea e mundial son recollidas polos novos psiquiatras, a psiquiatría oficial queda parada ante os máis tristes restos de organicismo bioloxicista.

Mentres, o Psicoanálise se mantén en posición institucional, analgoa a da Universidade, emprobecendo día a día o seu tributo cultural, a fenomenoloxía aparece como único vieiro posíbel criticando o determinismo, o positivismo, o nosografismo da obxectivación, representando os puntos que millor exprican a diferenza coa ciencia oficial. Por outra banda a total renúncia a unha práxe de transformación inserta nesta doutrina, facilita tamen a recuperación do aparello económico.

Mais os efectos destas complexas trabas non tardan en sentirse, e a crise fenomenolóxica trasfórmase por moitos operadores nunha confusa toma de conciencia aínda pre-política pero con plantexamentos novos. E na práxe profesional onde estoupan as contradicións e onde, das insatisfaccións culturais, pásase a toma de conciencia política.

Cai así o entroido que representaba o manicómio ante o mundo como lugar de rehabilitación e cura, e aparece na


sua verdadeira esencia como instrumento represivo. Cúbrese a distancia existente entre ideoloxía e práctica, hospital como lugar de curación ou hospital como lugar de violencia e segregación. Ponse en evidencia como a Institución exerce unha función de control das desviacións manifestadas nas crases subalternas.

A ideoloxía científica o uso, xustificaba a existencia do manicómio, que acollía a unha masa eteroxénea de persoas que so tiñan unha característica comun, a subalternidade económica e cultural así como unha falla total de poder contractual.

O psiquiatra decatase finalmente de que non axuda a satisfacer as necesidades do que vén a recuperarse nun manicómio, senón que ten exercido un aspeto do poder, coa intención de garantir un control social, e o mesmo tempo organizar o consenso do que padece a violencia. A toma de conciencia da realidade manicomial leva a discusión a relación existente entre esta e a estrutura social.

Os funcionarios da saúde poñen en discusión o seu propio "rol". Non están dispostos a perpetuar, cos instrumentos científicos dos que son detectores e xestores, unha discriminación de crase, denuncian a subordinación política da ciencia os intereses das clases hexemónicas que non representan o cidadán.

E neste período onde parece madurar en Italia a condición que aportara luces a que poderíase chamar crise da intelectualidade, xa que a formación progresista non ten aínda un organismo xunguido coa clase obrera, pero vai decatándose da falsidade dos instrumentos científicos.



Mentres, nos anos 60 veise recoñecido e popularizado o tema do análise crítico da institución, estoupa entre o 68 e o 69 a contestación estudantil, proseguida dun movemento de loita sindical particularmente politizada. O técnico comeza a rexeitar o poder implícito no seu saber. Individualizante na praxe cotidiá os instrumentos que a ideoloxía científica pon a disposición das clases dominantes para asoballar as clases subalternas, instrumentos que co pretexto de satisfacer as necesidades perpetúan na realidade a sumisión.

O técnico ponse no mesmo plano do enfermo e a carón del busca novas respostas as necesidades, que non son mais que aquelas do recoñecemento da súa problemática. Ofrece-se a posibilidade de historizar o internamento no hospital psiquiátrico, non como obxecto pero si como suxeto, de romper a lóxica socio-política que leva a marxinação, a reclusión, e de buscar tamen, por si mesmo, xunto o asoballado a liberación desta opresión.

Desta problemática xurde a pregunta ¿que é a psiquiatría?, compréndese que a finalidade do manicómio non é o traballo en favor do paciente senón a mera autoconservación, para razonar este obxectivo a institución sosténse sobre a arbitrariedade da relación autoritario-xerárquica, sobre a xustificación da propia función, sobor dun estancamento do "rol" do operador psiquiátrico que se atopa xustificado so no exercicio do poder.

O primeiro paso a dar na dirección dunha práctica manicomial alternativa, está no recoñecemento do seu propio significado. Ráchase así a barreira do "staf" hospitalario e trabállase conxuntamente en comparación coa tradicional teoría de etiquetar os pacientes cun diagnóstico fundado sobre a revelación dos síntomas de enfermidade apropiándose dun nivel de represión, non como efecto do síndrome en si, senón dunhas condicións institucionais das que fala Goffman como "carreira do enfermo"... Os estudos sociolóxicos sobre os manicomios levan a definición dun síndrome particular a "institucionalización" de Martin, "neurosis institucional" de Barton "regresión institucional" de Basaglia, tratase sen mais dun xeito de patoloxía que despois duns cantos anos de internamento pasa a ser dominante na maioría dos enfermos, considerando o feito de que a enfermidade mental primitiva é xa resultado dunha complexa integración entre o paciente e o seu ambiente, que desde o principio provocou de algun xeito as súas dificultades, e tamen o feito de que algúns síntomas psicóticos poden ser perpetuados nos manicomios baixo o modo de defensas institucionais.

Trátase por conseguinte de resolver o conflito entre teoría e realidade, isto é, que a psiquiatría debe atopar na realidade os elementos de verificación que lle permitan ser críticamente vivente, constantemente empeñada na contestación de si mesma.

Si a psiquiatría tradicional xustificase no ámbito dun determinado sistema é natural que unha psiquiatría alternativa, para afirmarse como tal, debe pór en discusión o sistema mesmo.

A diferenza entre elas, non é so de carácter científico, senon tamen político.

Non se poden exercitar accións verdadeiramente terapéuticas senón se comprende que o enfermo mental no manicómio constitúe, en si, un problema psicopatolóxico, pero principalmente un problema de exclusión e de desestimación económica e social.

ANA ALVAREZ MARTIN - PSICOLOGO

don agosto

Por XAQUIN MARIN



O circo "Los Muchachos" voltou despois de tres anos de xira por todo o mundo a súa casa de Benposta (Ourense). Quéixanse de que aquí, na súa terra, é onde menos os coñecen e onde menos caso se lle fai (lembrando a prohibición do Alcalde de Ourense para que actuaran no Pabellón dos Deportes, polas recentes festas de Corpus e cando xa todo estaba arraxado; a excusa foi de que os cabalos estropeaban o parquet, cabalos que non teñen xa que aínda non os poideron traer de Santo Domingo)...

Pero Benposta é moito máis que un circo. ¿qué é Benposta? ¿Pode chegar a definirse craramente comparándoa con outras institucións parecidas? Sociólogos, pedagogos, estudosos diversos de varios países do mundo tentaron estudar a Benposta. Pode ser que non entendamos o seu "soño".


Benposta, "Nación de Muchachos", defínese como "unha comunidade universal de xovens unidos e comprometidos na transformación do mundo".

Entenden xuventude non como unha etapa cronolóxica, senón como un estilo de vida que se caracteriza polo seu amor ao risco, aventura, rebeldía, capacidade de compromiso, entrega...

Transformación significa para eles cámbio total, revolución, partindo do convencemento de que o mundo "está mal parido", concepto que non é xeográfico, senón socioeconómico.

Segundo os seus integrantes Benposta non pretende unha resposta científica para a transformación, senón tamén sinalar un camiño que encarne esta idea e pretende probar que a transformación do mundo "partirá do recoñecemento dos dereitos do neno". Para exercitar estes dereitos e necesaria unha revolución e non se pode dar esta revolución se non é ao servizo dun grupo humano determinado: "Revolución é a conquista dun ben común estorsionado pola ambición de sectores que manteñen uns privilexos atroces do uso e abuso do poder que obstentan inxustamente. Non se pode concebir unha revolución sen o seu dunha violencia", din, mentras se nos acordan as teses latinoamericanas de Camilo Torres ou de "Igrexa dos Probes".

A ideoloxía de Benposta parte de que o único importante



"Todo empezou como un soño... e o coñecido deste soño é o circo "Los Muchachos".

"Benposta, Nación de Muchachos" aglutina a máis de cincocentas persoas de todo o mundo en váris cidades en todo o mundo. A Capital está en Ourense.

Surdiu a idea do P. Silva alá cando era seminarista e viu unha película do P. Flannaghan. Pouco a pouco foise facendo unha realidade que se define "como unha comunidade universal de xovens unidos e comprometidos na transformación do mundo".

Empezaron traballando quince rapaces, pero o bispo de Ourense, outra vez Temiño, quedouselles con moito do seu traballo; agora o Alcalde de Ourense proíbelles a actuación no Pazo dos Deportes, meses atrás Videla expulsounos de Arxentina.

A nación de Benposta ten a súa propia contribución na que se especifica que o idioma oficial e o galego e a bandeira galega é a nosa segunda bandeira, despois da de Benposta".

A súa moeda é a Corona sendo as fontes de ingreso a estación de servizo, a panadería, a imprenta, forxa mecánica, artesanía, móbeis, zapatería, etc., ademais do circo.

O seu Goberno e totalmente democrático sendo o órgano superior a Asamblea Popular que a preside o Presidente da Nación, elixido por sufraxio universal.

Os cidadáns de Benposta ademais de traballar, o circo é un dos traballos, realizan estudos oficialmente recoñecidos, podendo aprender un oficio o ir a universidade.

Benposta pretende revolucionar o mundo partindo desde os nenos. ¿Utopía?, ¿posibilidade?, ¿realidade?



Isto é a súa ¿utopia?, ¿realidade? é o movemento Benposta.

#### PADRE SILVA; O FUNDADOR

Pero tentar coñecer Benposta sen coñecer ao seu fundador, Jesús Silva Méndez, é totalmente imposible.

Procedente dunha familia acomodada de Ourense, o P. Silva xa desde o seminário tivo fortes inqedanzas e preocupacións sociais, o que lle levou logo, xa de crego, onde acadou unha grande consideración social, a loitar por o sector máis marxinado da nosa sociedade, os nenos, e por médio deles revolucionar o mundo. "Todo empezou como un soño..." (sabemos que a idea da Cidade de rapaces xurdiulle ao ver unha película do padre Plannaghan "Por un mundo diferente").

Un soño que se foi agrandando e facendo pocuo a pocuo realidade. O P. Silva é o creador, motor impulsor deste soño, "motor de ideas, respaldo ante as institucións oficiais do valor destes rapaces. O noso aval é a loita polo pobo", dinos.

Coñecendo a Benposta coñécese ao P. Silva e coñecendo ao Cura, como lle chaman todos, coñécese Benposta.

Benposta é o seu pensamento pero aínda non levado totalmente a practica: "a revolución hai que empezala cando se ten o 95 por cento de posibilidade de gañala", di nalgun dos seus escritos -que hoxe sacamos por primeira vea á luz- citando a Mao, ou "Xesucristo non veu traer a paz, senón a guerra, portaba a bandeira da loita pola liberación dos pobos... a violencia non como condena dos tribunais pero si como médio para pór a andar o proceso histórico dos pobos... violencia como médio (mal menor) "pero se tivera que tomar un fusil eu nunca o faría". Está consciente de que este movemento parece unha utopia, pero afirma que as utopias "son as que

que se pode facer hose, é intentar preparar ao home para a transformación do mundo. Esta educación haina que facer a través dun proceso que sustraia aos rapaces das garras dunha sociedade dañada que o está coaccionando e levando para onde ela quere, para que siga servindo os intereses dos grupos dominantes.

benposta é, tamén, unha comunidade cristiana, "xa que no cristianismo, ben entendido", quere basear a súa concepción transformadora: "partindo da discriminación non pode nacer un cristianismo"; unha formula de vida permanente.

Benposta considérase, amais, "un movemento político que parte de que a sociedade é inxusta porque divide aos seus membros en dúas clases antagónicas (explotadores-explotados). Isto produ-

ce un efecto inmediato, a miseria social, a dependencia política e económica, a única solución para unha rápida transformación e o paso da propiedade privada individual dos instrumentos de traballo a propiedade comunitaria ou social, na que a sociedade inteira sexa propietaria dos instrumentos de traballo; isto levará a desaparición das clases e ao nacemento dunha clase traballadora dona do produto do seu traballo. Desta división de explotadores explotados xurde os marxidados e olvidados que nen xiquera se podén chamar proletarios, entre eles os nenos".





## Unhas notas das orixes

A comarca sarriana espállase nos vales do Neira e o Sárria, afluentes do Sil. Agropecuária como todo o interior, tén unha industria notabel radicada maiormente na vila, que cos seus catro mil habitantes constitúese en centro demográfico, comercial e económico. Nos arredores de Sarria, na súa comarca, está Samos, sé monacal coñecida de sobras, A Póboa de San Xulián, e de cada seu lado baixa cara Portomarín por Paradelas e sube cara o Cebreiro pola montesía zona de Triacastela, de sonoro nome inda asentado na sintaxe latina.



Houbo asentamentos prerromanos no val de Sarria. De feito hai moito quen sostén que o topónimo ven dun celta *Sarios*, que significaría *labrego*, ou dun *Saranis*, indicativo de *regato*.

O que é case seguro é que a parte vella da vila, e concretamente o campo da feira, está emprazado riba dun castro. A colonización romana tamén pasou por aquí, e logo suevos e godos.

Na Edade Meia, é tradición que o bispo Odoário, repoboador da cidade de Lugo, botou das terras de Sarria aos mouros; xa daquela, a vila definitiva estaría asentada, ou ben o asentamento veu por obra do bispo. Sería isto polo ano 777. No S. XIV, as terras de Sarria farián parte do señorío da Casa de Lemos, un dos máis poderosos nobres galegos, e a vila sería, como seguiu sendo, estación importante do Camiño Francés; a tradición xacobeá está ben viva no propio xeito de ser de Sarria. Lembranzas desta época son o vello castelo, a eirexa de Santa Mariña e máis o convento de Santa Maria. Peza importante da vida comarcal é tamén o mosteiro de Samos, que se fundara no século VI.

A vida seguiu decorrendo en Sarria, sen que haxa moitos restos do que veu sendo nos seguintes séculos. Representantes ilustres foron logo, fora dos seus lares, das letras e artes españolas o escritor ascético Frei Luis de Granada e o *imagero* Gregorio Fernández, autor dos pasos da Semana Santa de Valladolid.

A orixe sarriana do primeiro está, polo que parece, probada de sobras. A do segundo non é máis que teoría, aínda que conte con ben valedores e o feito xa obxectivamente admitido de que, seña de onde for, Gregorio Fernández era galego.



## As festas de San Xoán

¡Ei veñen... ei veñen, as festas do San Xoán!

Cando chega o vran e as froles se empezan a voltar froitos, as xentes vestidas de cores e en mil formas, o sol baila a maña e o orballo ten poderes curativos, quentado como foi por milleiros de fogueiras revividas desde seculos nun culto ao sol, a noite de San Xoán e un mundo maxico, poético, bucólico, un mundo de onte que revive hoxe. Nesta noite andan soltas todas as fadas, meigas e trasnos. As meigas son boas, non fan ningunha maldade, as herbas que a xente pon nas súas casas obrigan a acoubar se algunha se quere pasar do risco. A agua, o orballo e sobor de todo as froles molladas deste orballo, xunto co lume son un elemento purificador. Usado ala a mañanciña, antes de saír o sol por moitos dos que a noite antes andiveron facendo trasnadas xa despois de saltar por



encima da fogueira, do lume novo. Cando todo o mundo se deita, cando o lume xa exmoreceu a mocidade, a algúns non tan

mozos, xa que se as meigas e trasnos están quedos esta noite, aos mortais estanos permitindo facer tais cousas; ou collen o carro, o atan a entrada da casa, levan o cabaceiro, mudanse as tornas das augas e mil e unha trasnada que a cada un se lle ocorre. Ao día seguinte co orballo, coa agua das rosas, da frol de San Xoán, queda todas as culpas lavadas como quedan os males do gando que se saca a maña ao orballo.

A festa chamábase a do San Xoán, un culto ao sol, a vida, a humanidade, celebrado en cada tribu, en cada castro, en cada aldea, en cada pobo, en cada vila... en cada casa.

E que sitio millor para celebrar a festa que en Sarria, "tribu" que veu mantendo o lume sacro no seu castro ano tras ano, na noite do vintetres ao vintecatros.

Sarria vólvese de festa, esta en festa, e

festa; San Xoán xoga co solsticio, o lume coa procesion, o cristiano co pagano. A xente canta baila, bebe, durme cando non pode mais e soña, soña con guerreiros, con ceos axuis, con sois brancos e con meigas que bailan e bardos que cantan; e soñan tamen con levantarse e baixar a vila para seguir o vran con garana.

Aqueles bailes darredor do lume, aqueles devaneos na cima do castro, aqueles tragos, baixan agora ao val e voltanse música de orquestas, soar de gaitas, bailes arreconchegados ou danzas desenfrenadas. O lume voltase foguete, estoupo, luces de coores: xolda, a festa Sarria.

Hai concurso de música nacional, de pintura, de deportes, teatro; hai pulpo, pan, viño, carne cocida, queimada.

Un lugar para divertirse, unha xente que te acolle: HAI FESTA EN SARRIA.

## "A Sarriana"

*A problemática deportiva das vilas ciñese moitas das veces a unha soa entidade, unha entidade que conta cunbos socios e moitas veces coa incompreensión do resto do pobo. A S.D. Sarriana e a entidade deportiva mais representativa da vila, por non decir a única. Para que nos conte algo da súa problemática e da deportiva en xeral da comarca falamos co Sr. Peña, presidente dende hai moitos anos do citado club.*

**A Sarriana e o que máis sona do Deportivo sarriano? ...**

Si porque practicamente é a única. É a única, non só no que se lle coñece por aí adiante na cuestión do fútbol, senon por outros deportes que se lle chama minoritarios, coma o balonmano, baloncesto... Amais que é unha sociedade cunhos 350 socios.

Creouse no 1.968. E por tanto, bastante nova. Tivo, digamos, unha traxectoria viva. Estivo practicamente dous anos competindo nas categorías comarcais; despois xa se creou unha categoría provincial e que, practicamente, levabamos desde aquí desde Sarria porque, daquelas, a Federación non facía nada polo fútbol. Refírome a "Federación Gallega de Fútbol". Naquela Competición Provincial conseguimos que estivesen presentes os equipos da Costa, zona de Villalba, Monforte... En fin. Todos xuntos fixemos aquela famosa competición que, daquela, fora moi importante e que, eu non sei por que, desapareceu". "No ano 1.974 subimos a famosa "Regional preferente" na que competimos con equipos de moita solera coma eran O Fabril, O Arosa, O Compostela, Turista, Gran Peña e moitos... en fin, o que hoxe é a Terceira División. Viñeron logo maldadas e baixamos a primeira Regional, volvemos baixar a temporada pasada a segunda Regional, pero aguantomos e non estivemos so as maduras, senon que soupemos tamen estar as verdes e, este ano, quedamos campeons da xa coñecida "Liga da Montaña" que é o que nos permitiu ascender a primeira Regional novamente.

**Que é o que inflúe nesta traxectoria con altibaxos da Sarriana?**

Ben. Eu penso que a xente cansase moitas veces das categorías. Isto é o ver, as mesmas caras, os mesmos equipos, cansa. Isto fai que deixe de asistir e, ao deixar de asistir, xa repercute na economía. Hoxe xa sabemos todos que o fútbol coma calquera outro deporte, desgraciadamente xa non se move dunha forma aficionada, "amateur". A xente quere cobrar algo e vexoo normal, porque naide debera de andar de balde coma os cas! ... pero o que e deporte en si estase a acabar. Isto implica que algúns xogadores que tiñan que haber vido nalgúns momentos... ou viñeron non digo que non... noutras etapas, non apareceran despois para xogar no noso equipo. Inda que nos, neste, tivemos moita sorte, cando xogamos naquela categoría Regional preferente... tendo de conta que non debiamos de haber ido a ela porque inda non había unha base sólida o que pasa e que contabamos cuns xogadores veteranos coma era "Mosquito", que xogara no "Lemos" de Monforte, e que viñeran xogar "pola cara" e que ademais crearon escola entre os rapaces novos de Sarria.

Coincidindo con aquela etapa de xogadores veteranos incrustados no equipo tivemos "catro anos de gloria".

**Sae xente boa de Sarria para o fútbol?**

Si. Si. Sarria ten unha boa canteira o que pasa e esta a pasar por unha crisis que penso é normal nos pobos porque... hai moito vicio! ... e feo decilo, pero hai moito vicio! ... en Galicia. E xa se sabe a que tipo de vicio me refiro. Hora ben. De aquí saíron xogadores bons. Proba delo e Cholo, Trabuco e algun mais que foron bons xogadores. Refírome xa a etapa posterior do ano 70... non a do 50 e 60.

Houbo xogadores na Sarriana que os querían equipos de segunda División. Ultimamente un tal Carlos-Alberto que estivo na "selección española de juveniles" e, inda hoxe aos vinte anos, fichou polo Deportivo e esixiulle que lle dira a liberdade porque non quería seguir no Deportivo. Ou sexa que... vese a pouco vontade de trunfar. E hoxe esta na Sarriana e, aos vinte anos, casouse e esta facendo un gran labor.

**O pobo de Sarria que tal responde?**

Mais ben esta un pouco as maduras que non as verdes. O pobo de Sarria é un pobo raro. É un pobo moi raro. Nos temos case 350 socios, pero 150 case son de compromiso. Destes amigos que forzas e, ao millor, dispois nen ao fútbol van. E, coma che decía, aquí ben vemos que temos un pabellón polideportivo con equipos de balonmano e baloncesto e nen che se preocupan deses equipos. O deporte maioritario, na actualidade, é fútbol enton había que canalizalo polo fútbol. Estivemos nesas categorías e, efectivamente, a xente empezou a asistir. Fomos de primeiros e iba menos xente ca nunca. Eu que, ao último, había eses cento e pico de socios que están as verdes e as maduras que son, inda hoxe, a columna vertebral... do equipo. Pideslles unha axuda, nun momento dado, e sempre están dispostos a dala. Hora que os demais dan aquilo que lles parece o mínimo indispensable. Ou sexa que non hai unha conciencia deportiva en Sarria. É un pobo especial. Que si da unha axuda nun momento dado, en circunstancias especiais. Hora que tan compe reconecer que é un pobo moi queimado. Moi queimado a nivel de Sociedades, de preocupacións porque... eu non sei! ... aquí debemos ser do orde de nove Agrupacións ou Sociedades. Porque hai as culturais, as recreativas, as deportivas e logo que xurde o de "axuda a esto, que si estoutro... en fin. Que a xente... xa se sabe. Eu queixome e cada quen queixase das súas.

**Esa apatía en torno a Sarriana podería darselle un pulo coa creación dunha escola de fútbol?**

Esta ben apuntado porque nos este ano xa a creamos. Concretamente foi unha pena porque o rapaz que a dirixía foise a mili. Era "Roxo" que xogaba ao fútbol tamen. Desde o mes de xulio ou agosto do ano pasado tivemos uns 150 nenos, de 11 a 14 anos, ali practicando. Xa mais que que practicasen fútbol quitabáslles de que foran a outros vicios porque con esa idade pouco poden xogar ao fútbol. E vanse desenvolvendo porque, hoxe, nen nos Colexios se fai cultura física de ningún tipo. E ali polo menos ampliaban un pouco os pulmóns e respiraban un pouco de osixeno. Ben. A pesares de que se fora "Roxo" nos seguimos preocupados pola cuestión. Agora que rematou a nosa competición oficial, no mes de abril, volvimos montar outro campionato a nivel infantil e xuvenil en Sarria. Inda se celebra actualmente. Move uns 120 rapaces e polo egoísmo que che poida reportar pouco e porque o mais que che poden saír son 4 ou 5 para o primeiro equipo se che saen. Para o primeiro equipo ao cabo de dous anos que, de momento, iranche para o equipo que tes xuvenil que compite tamen. Pero ben. E unha cousa que consideramos apropiada para todós. Os rapaces disfrutaban ali, xogan. E o que decíamos antes. Apartalos de que esten noutros sitios nas edades que atravesan. Creo que nos, nese aspecto, apoiámos o deporte desde abaixo. Causa que non se fai a outros niveis e así nos vai no fútbol galego... Celta, Deportivo. Eses equipos que sempre están aí e non miran para abaixo a nivel galego. Porque poñoche un exemplo: desde Madrid veñen preocuparse polo que ten a Sarriana e desde Vigo... estalle decindo a un amigo: Oe; que hai xente na Sarriana que... e quen di na Sarriana di no Lemos, no Lugo, no Villalba... A nivel galego temos moito que lamentar. Claro que o Celta e o Deportivo, por citar a dous grandes, non teñen as economías saneadas, pero e que podían sacar moitos cartos se contaran mais e abriran mais os ollos cara o fútbol de abaixo, da nosa Terra.

**Ben. Xa centrándonos máis no campo das Insuas onde xoga a Sarriana, todas estas milloras foron a base de sacrificio da xente de aquí ou que se lle debe a federación galega ou a española?**

Mira que neste campo levamos invertidos eu creo que uns 7 millóns de pesetas e, de momento, o que nos deu a Federación española foron 150 mil pesetas.

Xa che digo. Todo veu por subvencións da Diputación. O Axuntamento apoiou algo, pouco, pero bon, soupo canalizar as peticións das subvencións. E despois as outras partes foi traballo personal de moita xente. E donacións de industriais de aquí que, por exemplo, che regalaban uns sacos de cemento. Concretamente a fábrica de cemento de aquí (Oural) regalounos uns cantos miles de sacos de cemento. Eso

e aportación personal e voluntaria e algunha subvención... foi o que logrou este campión tan xeitoso que temos.

A nivel federativo xa dixen non tivemos axudas practicamente importantes.

Agora concretamente para esta tribuna nova do campo, que se vai inaugurar nestas festas do San Xoán, esperamos unha importante subvención, que nos supoña o 50 por cen da obra, por parte da federación española de fútbol, pero inda non chegou. Agardamos! O terreo de xogo a raíz das ausencias obrigatorias que nos fixo facer a federación, esta moi ben. Pin-touille ben.

**Falamos daquelas sancions**

Eu naquela etapa falei, ou millor dito fixeronme falar porque así parecíalles que era noticia Sarria, e xa dixera que nos fomos ou eramos un "coelloño de Indias". Que empezaron a facer con nos experimentos. Eu ademais representaba daquelas aos Clubs da "regional preferente" na federación Gallega de fútbol e dixen o perigo que existía: Eu non teño nada contra dos árbitros, pero en calquera profesión e en calquera actividade, sexa do tipo que sexa, a xente pode equivocarse ou pode ser un moito peor ca outro. E os árbitros teñenos, ou tiñanos, a nivel federativo coma dioses, aparte de que non nos favorece nada aos bons árbitros esas actitudes da xente que os dirixían porque así non saben distinguir o bon do malo. De aí ven aquilo de Sarria. Que por aquí caeron catro ou cinco árbitros que foron algo lamentable. Xa non se sabe se viñan en plan de "Inquina" ou no plan de "que non sabían mais". O caso é que nen a propio intento podían facer peor. Daquelas esto quitou moita afición. A xente esasperouse, cabreouse... a xente amenazou, pero aquí nunca se lle pegou a un árbitro. E lamentable que a un equipo se lle sancione coma se lle sancionou a Sarriana señ lle pegar a un árbitro. E pechouelle o campo coma se aquí se houbera matado a alguen. Amais que inda fora máis criminal que nos meteran un partido cento e pico mil pesetas de multa e noutro outras cento e pico mil.

Como criticaba eu daquela aos clubs pequeniños que non teñen nen pagar a roupa metenlles multas que nen de primeira división. En cambio por ir a selección española ganarlle a Grecia nun partido amistoso, a cada xogador deses que se cren figuras xa, danlles 30 mil pesos a cada un. Claro, sacanas a base das multas dos pequenos. En vez de darnos tamen para pagar o kilometraxe que son 40 pts. pois danos catro. Pero todo isto aguantomolo aquí catro tontos e catro fanáticos que e de abaixo de onde sae o fútbol. Que non o esquezan os de arriba.

Esto do fútbol esta raro. Os árbitros que mais fan por estes campos da nosa Terra mais pronto suben na escada. Tamen os árbitros debían sancionalos para tranquilidade dos aficionados.

PACO ARRIZADO



# BAZAR AMERICA

## José Antonio 40

TELEFONO 53-02-20

# SARRIA

## Non consentiron unhas festas populares

Duns anos esta parte estase a levar na nosa nación un movemento tendente a converter as festas en cousas auténticamente populares e entroncadas coa nosa realidade. Pero polo visto estas cousas non lle gustan moito a certos señores. Sarria non e menos, e a case totalidade dos seus concellais impediron que este ano as festas foran auténticamente populares e, por ende, galegas.

Foi nomeado presidente da comisión de festas Xose Manoel Perez Lopez. Nun escrito antes de comezar os preparativos repartiase as parcelas, os comeridos que ían levar a termo cada membro da dita Comisión. A pesares disto ao concellar presidente da comisión de festas marxínanos totalmente, aínda que lle deron a "cousa" cultural das festas.

Negouselle toda axuda económica, tampouco lle foi permitido que o programa das festas o fixese en galego, chegouse ao punto de que houbo ameazas de que se saía no noso idioma retiraban os anuncios.

Se algo se conseguiu nestas festas de cara a cultura popular foi o crear o certame de gaiteros, para isto o presidente tivo que contar co apoio das institucións culturais da vila. Pero así e todo o Alcalde non o quixo incluír no pleno e o presidente enterouse de que se ía a celebrar por outras fontes e cando faltaban poucos días para o comezo das festas.

Así, e anque para facer a comisión de festas se convocou aos veciños dos diferentes barrios, as festas tiveron que ser como quixeron os que sempre mangonearon a vila e a queren seguir mangoneando. Se as festas non foron millores e mais populares so eles teñen a culpa, despois falan de democracia.

A. EYRE

## A historia en pequeno da industria galega


Sarria sempre ocupou un lugar excepcional dentro de Galicia pola súa diversificación industrial. Nefeuto, poucas vilas do seu tamaño (4.000 habitantes) xuntan no país, maiormente no interior, unha industria agropecuaria importante, exportación incluída, varias fabricas de transformación da madeira (moblaxe) e fabricación de produtos alimenticios secundarios, como galletas e caramelos. E aínda que a problemática de toda a industria nacional chegou tamen a Sarria, existe un proxecto de Polígono Industrial. Unha iniciativa importante, digamos decisiva, para a consolidación da industria local, pero que, paradoxicamente, de persistiren os proxectos actuais para a súa ubicación, e condicións, pode traer cando ela graves trastornos para a vida da vila, ao tempo que significar un grave quebranto para a economía da comarca. O conto de nunca acabar.

### POTENCIALIDADE AGROPECUARIA

O Val de Sarria e comarca fundamental dentro da estrutura da Galicia interior. E é a gadería precisamente o sector fundamental. Hai porcos, granxas de polos, e maiormente gando bovino, anque estea suxeito a desfeita xeral do sector, moi principalmente nesta provincia de Lugo. De Sarria e o Presidente da Cámara Agraria Provincial, deputado da UCD sr. Díaz Fuentes, e non debe ser alleo a isto o proxecto de facer na vila un Mercado Gandeiro que sería o segundo en importancia de Galicia. O emprazamento, desde logo, non deixa de ser racional.

A produción agraria rexistra abundancia de árbores de froita, maiormente mazairas, castiñeiros e nogueiras; hai atras houbo en Sarria mesmo un exportador de noces e sobre todo castañas a Inglaterra.

Tamen nos anos 40 montaran os alemáns a "Feculera de Patata". Era unha fabrica



no seu tempo ultramoderna, e nela obtíñase a fecula e algun outro produto da patata. Pero nos anos 60 pasou o que tiña que pasar: desmontaron e levaron para La Rioja, concretamente a Santo Domingo de La Calzada. A razón dada foi, seica, que en Sarria non había produción abonda de patacas para cubrir demanda.

### UNHA COMARCA MOBLISTICA

O sector da madeira é fundamental na zona, onde hai varios aserradeiros.

Na Pooa de San Xulian, a 12 kms. de Sarria cara Lugo, estan varias das fabricas de mobeis que fornecen a toda a provincia de Lugo. Na propia Sarria hai varias fabricas, unha delas instalada precisamente nos locais que deixara libres a "Feculera" cando marchara a terras riojanas. As trinta ou cuarenta fabricas da comarca fornecen de mobeis a todo o país, e mesmo a outras partes do Estado se mandan mobeis de Sarria. Con todo, na zona non se fabrican mais que pezas baratas, o chamado "mobel de batalla"; e o posíbel desenvolvemento dunha gran industria topase eviado de raíz.

Pola contra, a desfeita tamen ten chegado ao sector mobiliario. Algunha das fabricas, que no seu tempo se contou entre as mais importantes de Galicia, hoxe estase a reconverter cara o proceso de fabricación de chapa; e outra industria que se vai ao garete.

### A ALIMENTACION

No sector da alimentación, e loxico que

salienten as derivadas da produción agropecuaria da comarca. Hai algunha fabrica de embutidos que astra prospera. Aparte desto, pequenas fabricas familiares producen galletas e caramelos, pero sen influencia de competitividade ningunha no mercado.

### O POLIGONO INDUSTRIAL

Neste contexto, xurde a cuestión do Polígono Industrial. É evidente a súa importancia para a vila. E así, cando sal o segundo proxecto de Normas de Planificación Urbano, aparece incluído o emprazamento do Polígono en Morelle, monte comunal sito nos arredores da vila.

O caso e que, aparte de que a pesares do carácter do monte, non esta nada previsto, de momento, tocante a indemnizacións aos seus donos. Non esta craro tampouco que clase de industrias se van instalar, e o sitio, de incluír industrias contaminantes, tería efectos directos sobre vila e comarca, coas consecuencias deducíbeis para a súa vida económica. E en suma, aparte de os industriais teren manifestado o seu acordo co sitio, ningún sector da poboación mais ten espresado a súa opinión sobre o tema.

E esta é a situación industrial de Sarria. Unha vila cunhas posibilidades enormes de aproveitamento industrial, que tivo e mantén algúns xermolos, pero que por outra parte pode perder non só iso, senon ver gravemente dañada a mesma materia prima que e sostén de sempre de toda a comarca. Como de toda Galicia.

PACO ARRIZADO

### Construccións

## LOPEZ FIALEIRO

SAUDA AOS SEUS  
CLIENTES

GREGORIO FERNANDEZ, 3  
SARRIA

### A NOSA TERRA

A venta en:

LIBRERIA CERVANTES  
ESTANCO GENIN CARROZAS  
ESTANCO A RIBEREÑA  
ESTANCO BOCACHA

### DEPORTES



Diego Pazos, 46 T. 53 10 32  
SARRIA (Lugo)

## LIBRERIA CERVANTES

-PAPELERIA  
-MATERIAL ESCOLAR  
-FOTOCOPIAS EN PAPEL  
NORMAL, NO ACTO

C/ CATRO CAMIÑOS  
TELF. 530099 - SARRIA

### CAFE BAR

## PARIS

DESEXALLE  
BOAS FESTAS

DIEGO PAZOS, 42  
SARRIA

### ESTUDIO FOTOGRAFICO



### Electrodomésticos

## A Casa

DISTRIBUIDOR OFICIAL DE THOMSON

DIEGO PAZOS, 5 - TELF. 530925  
SARRIA

## BAR ATENEIO

SAUDA A Súa CLIENTELA

C/ BENIGNO QUIROGA, 55  
SARRIA



TEXTIDOS  
NOVEDADES  
CONFECCIONS

C/. Diego Pazos, 2 - Teléfono 530317  
SARRIA (Lugo)

## O viaxe a Sarria

Por MANUEL MARIA

Agora, que é San Xohán, preséntase a ocasión de dar unha volta pola vila luguesa de Sarria, co motivo das súas festas patronais.

Dendes do outo do Castro podemos contemplar unha das panorámicas máis fermosas e sorprendentes de Galicia. Os montes, na lonxanía, son azules ou dun verde esvaído case irreal: Pico do Cibreiro, Montes do Páramo, Pena Ventureira, Meda e Serra do Oribio. Cara ó nacente queda o Samos monástico e secular, coas lembranzas vivas do P. Feixóo e do poeta Ramón Cabanillas. Pró poente, o Miño, o Pastor de Ríos que dixq Iglesia Albariño, un pouco lonxano mais fundamente presentido. Os nomes de Arxemil, Betote, Corbelle, Toldaos, Albán, Loureiro, Fafián, Frades, Meixende, Fontao, Lior enchen os nosos beizos e os nosos ensoños e lumiosas resoancias de rimos labregos, rexidos polas sazóns das sementeiras e recolleitas, as únicas medidas capaces de conter a vida.

O val esténdese ós nosos pés, dediante da nosa ollada alucida. Acochadas contra ó Castro percuran refuxo as antergas e fermosas casas da vila. A unha banda erguese o Convento da Mercede, coa súa beleza grave e sobria. A outra banda aínda está o torreón, que é o único que queda en pé do vello castelo, desfeito polo tempo mais mostrando os seus dentes cara ó ceo, nun inútil e imaxinario desafío. Un pouco máis abaixo atopámonos coa gracia románica e poética da eirexa do Salvador. E logo, despois de andar demoradamente a Rúa Maior, estreita e nobre pra que non nos fuxa ningún soño, atopamos a moderna eirexa de Santa Mariña cuia torre semella marcarlle a roita — e seguro que lle marea — ás nubes viaxeiras e caprichosas, que non se sabe de onde veñen ou pra onde van. O único que sabemos é que contempren a Sarria con tenrura e sorpresa.

Polo val o río, musical o transparente, como un poema perfecto que tivera miles de séculos pra luir o seu cantar puro, sinxelo e labrego, con recendo a uz e a carqueixa frofida.

Neste tempo Sarria é moito mais fermosa aínda. A razón é que son as festas do San Xohán que tran, detrás de sí, unha tradición que se reonta ós nosos mesmos orixes. Por eso o lume, lumeirada, fogueira, cachela, cacharela ou lume novo que fan os sarrianos se encende no Castro como o facían os nosos devanceiros de anteriores a romanización. E o rito purificador das chamas que nos dá calor e vida e queima as nosas norralas e impurezas. A mañá do día do San Xohán é cando baila o sol. E ríe cando morre o día. Xa o dice o romance popular anónimo:

Mañanciña de San Xohán,  
mañanciña a máis garrida  
que baila o sol cando nace  
e ríe cando morre o día.

Sarria sabe celebrar como é debido as súas festas maiores. O ano pasado inruso restrenou banda de música propia. Nesta data todo é festa: as froles comenzan a ser froito. O centeo xa encañou a mostra a espranza da colleita próxima. As patacas e os millos están medrados. As albres mostran fachendosas o seu verdor en prenitude. Os días son tépedos e as noites garimosas. As herbas teñen os seus mellores recendos e conservan tódalas súas virtudes máxicas. A torre do castelo, medio agachada entre a alboreda, non semella ranfosca e desafiante e convírtese nun misterio a medio descubrir. As campas — as do Convento da Mercede graves e solemnes, as do Salvador co seu acento la-

brego e medioeval e a de Santa Mariña con non sei que estranas saudades — tocan muineiras ledas e espranzadas.


A sorrisa das rapazas — cécais polo infruxo da noite de San Xohán — é máis crara e resprandecente. Os mozos sinte meirande o corazón dentro do peito, a bater como un paxaro engaiolado que loitará por recobrar a liberdade e voar, ceibe, no ar azul. Os nenos axexan as niñadas novas. Os vellos toman a rexeira ou o fresco da tardiña lombrando tempos idos e apurando, pouco a pouco, o tempo presente como un viño de calidade ó que hai que saborear lentamente e de vagar. E que en Sarria sòn as festas do San Xohán. As gaitas dicen cancións que o río escoita en silencio pra despóis repetilas demorada-

mente unha e outra vez ó longo de todo o ano. Os foguetes estalan enchenco de estronicio medio mundo. O seu eco resoa no val e nos corazóns dos sarrianos. Na nosa lembranza os versos do poeta Fiz Vergara Vilariño, que cantou a Sarria con beleza e emoción:

*¡Oub Sarria!  
bandeira de lecer  
ergueita  
ós catro ventos;  
magnolia que perfumas  
a miña tristura inefabel.  
Pronunciar  
o teu nome  
é decir:  
xente sinxela,*

*val garimoso,  
río solermiño.*

Todas estas cousas e algunhas máis xa as dixen nun pregón de Sarria. Mais gusto de repetirlas e comentalas cos meus amigos sarrianos: Sabela, Xosé, Quintana, Conchi, Eduardo, Fernando, Pili e outros que non digo. Sei que eles me entenderán. E aínda me gustaría averiguar poque o poeta Fiz Vergara dice que Sarria é unha magnolia. Pra mín é un Castro, un río e un castelo. E un val prodixioso no que caben tódalas cores do mundo, no que cantan tódolos paxaros. Mais Fiz Vergara ten razón. Os poetas nunca minten. Outro ano gustariame espricar porque Sarria é unha magnolia. O empeño vale a pena.





# LOS MUCHACHOS

## BENPOSTA, ¿UNHA NACION PARA CAMBIAR O MUNDO?

mentar ideais. Cambiar o mundo é realizábel, e como é que se pode cambiar, ten que...

### EMPEZOU BENPOSTA

Benposta foi fundada polo ano 15 de setembro de 1975, cando este aínda era semiprosocial. Empezou con 15 rapaces de idade moi vella. Empezaron a traballar en locais cedidos, polo momento en locais cedidos, polo momento en locais cedidos, polo momento en locais cedidos...

Benposta naceu nun momento específico, despois de dúas guerras, a primeira chamada Cruzada, que durou durante anos, e a mundial, a segunda nun país asoballado co-

Galicia onde máis do 65% dos nenos eran analfabetos, a sociedade enchía a barriba con papas, cando non pasaba a fame. Nesta situación, ante a situación naceu Benposta, a resistencia contra disto e ten que cambiar o mundo, non como unha acción caritativa.

O certo é que segundo se foi agrandando o movemento, foi recollendo rapaces das rúas de Ourense, cando dos reformatórios, rapaces son unhas vítimas da sociedade e íalles dando de grazas aos cartos da súa actuación de todos.

O Cura estaba moi ben relacionado, contáanos Mourelo, un home, e todo o pobo desprimitivo estamentos aos rapaces apreciaban moito. Tamén conta a operación "Traballo", que consistía en recolectar cartóns, botellas, lixeira, para poder conquistar a cidade; pero o bispo, que tiñan todo almacenado en sacos con todo.

O Cura era respetado e estaba facendo o que lle obrigación de facer e traballar.

Os rapaces máis tarde conquiritos a actual finca Benposta por un millón trescentas pesetas, en Xeixalvo, e empe-

zaron a construír "La Ciudad de Los Muchachos".

Logo o movemento expandírase e hoxe teñen outras cidades en Madrid, Colombia, Santo Domingo, Bruselas, New York e Mozambique, así como delegacións en case todos os países. a



cada país que vai o circo deixa unha delegación.

### VIDA EN BENPOSTA

A vida en Benposta está estruturada segundo unha constitución e unhas normas. Un día discurre máis ou menos así: levántanse as 7,30, oración na capela, almorzo, arregar as habitacións e clases até as doce. De doce a dúas traballos. De dúas a dúas e media limpeza xeral. Das dúas e media as tres e media comida, ensaios e recreo. Das tres e media as cinco traballos. De 5 as 6,30 clases. As seis e media asemblea para discutir os problemas da comunidade. As oito cea, logo ir a capela outra vez antes de deitarse as dez.

Para Benposta pode ir "calquera rapaz que queira entrar libremente sen ningunha coacción dos pais ou circunstancias. sufrirá unha etapa de aclimatación antes de pasar a ser cidadán de pleno dereito".

Cada cidadán recibe unha compensación en Coronas (moneda oficial da cidade que vale tres pesetas) por todos os traballos prestados, ir a clase considérase tamén un traballo. Con esta compensación ten que pagar todos os seus gastos, comida, aloxa-

mento, roupa, o que lle sobre, se é que lle sobra pódese gastar nas distintas dependencias. "Se a alguén non lle chega para comer, ten que pasar, pero despois mirárase que lles fixo, pero con ir a clases xa chega", contounos Carlos.

Para saír hai que pedir permiso, decir os cartos que che fan falla e danos sen xiquera canxear as Coronas. Inténtase conseguir que o rapaz aprenda a convivir e se faga ao mesmo tempo responsábel.

### O CIRCO

O circo é unha cidade ambulante, con autonomía propia como as distintas cidades espalladas polo mundo.

"O seu fin non é o de sacar cartos senón o de espallar polo mundo o noso movemento, as nosas ideas. O circo é unha protesta, unha maneira de expresar o noso descontento diante do



mundo e ao mesmo tempo de mostrar a nosa alternativa, unha alternativa nova de vivir", dinos Luis Fernandez Blanco, Finito, Alcalde de Benposta-Ourense.

A escola de circo que funciona en Ourense non só nutre de xente ao circo propio, senón que moitos artistas deste circo pasaron aos mellores do mundo.

"Los Muchachos" asombraron a todo o mundo coa súa maneira de facer circo, unha maneira diferente, unha maneira difícil de describir, unha maneira para ver. E todo isto logrouse a base

de esforzo, entramento e ilusión. Hoxe este espectáculo que empezou só con rapaces galegos conta con xentes de todo o mundo, desde Mozambique a Brasil, Arxentina a EE.UU, Europa a Canarias, que intentan levar ao mundo un mensaxe de revolución.

### ORGANIZACION DE BENPOSTA

Todas as cidades de Benposta, así como o circo, contan coa mesma organización, anque teñan unha gran autonomía en certos aspectos, adaptados as circunstancias do país.

O goberno da Nación de Benposta, formada por todas estas cidades e o circo, correspóndelle ao un presidente elixido democraticamente por sufraxio universal de todos os habitantes destas cidades. Cada cidade, asimismo, conta con un Alcalde, que obstará o mandato por dous anos e medio.

As cidades están divididas en células ou grupos que teñen unha vida propia e que elixen ao seu portavoz. Para a elección de Alcalde cada célula vota a tres candidatos, feito o recuento dos candidatos propostos polos distintos grupos pasarán a seguinte ronda os tres primeiros, aos que se votará en asemblea xeral, resultando elixido o que consiga o 50 por cen dos votos máis un.

A Nación de Benposta conta cos mesmos organigramas que calquera outra nación plenamente democrática (ver recuadro) así como uns servizos e fontes de financiación como son, ademais do circo, o picadero, gasolinera, forxas, cerámicas, panadería etc. Tamén conta cos seus propios medios de expresión como son imprenta e TV en circuito propio, por onde eles pasan as súas propias noticias, así como banco, cantinas, discoteca, etc.

### BENPOSTA E GALICIA

A constitución de Benposta di que o seu idioma oficial é o galego e a bandeira galega ondea desde un principio na cidade así como na carpa do circo polo mundo adiante. Os nomes das rúas están tamén en galego "e vivimos decindo misa desde o 56 en galego" dinos o P. Silva.

Pero estas consideracións

non se traducen de cara fora nunha loita por Galicia, ou iso é o que pensa a xente. O Cura explícanolo así:

"A nosa e unha idea universal encavada nunha realidade concreta, está realidade e na que se educan os rapaces de Benposta, na realidade dun pobo asoballado que é o galego. As condicións hoxe aquí non son as de facer unha revolución como pasamos nos países latinoamericanos. Tratamos de formar uns homes comprometidos coa súa realidade, realidade que se explica e se discute nas nosas asembleas, se despois esta xente non é todo o combativa que se quixera e por outras cousas.

Nos nos somos un partido político, anque temos o noso ideario, somos unha cousa máis fonda, unha forma de vivir, nos tentamos crear na xente unha conciencia renovadora, revolucionaria, pero non sempre é eficaz. Quixera ver a moitos que hoxe andan por aí de corbata decindo que fan, onde estiveron todos estes anos en que os rapaces galegos pasaban fame? Que veñan agora predicando unha autonomía que non vale para nada, con esta xente estamos peor que dependendo de Madrid, os caciques de agora aínda son piores que os de antes. O noso aval está no pobo, nos servimos ao pobo antes, agora e despois, estes o que queren e servirse. Temos pouco que agradecerlles. ¿Se somos da CIA? A ti que che parece. Esta pregunta contestase soa, non merece a pena nen contestala, non nos xunguimos a ningún, a ningún goberno, nen partido. Por algo nos votaron de Arxentina decíndonos que eramos da ETA, que era ela quen nos financiaba, que preguntan en Chile".

ALFONSO EYRE



# A PROBLEMATICA EDUCATIVA

XESUS CAMBRE MARIÑO

José María Castellet, na súa introdución a obra colectiva *La cultura bajo el franquismo*, prantexa a necesidade de estudar a fondo as "peculiaridades coercitivas" que practicou o pasado rexime en Catalunya, Euskadi e Galicia. Para o citado autor "non hai ningunha dúbida de que a tentativa foi a do arrasamento puro e simple das súas culturas nacionais, partindo da prohibición de acceso das mesmas a calquera dos medios de comunicación de masas. Reducir a lingua ao uso familiar era un xeito eficaz que se necesitaba o paro de algunhas xeneracións para cumprir o obxectivo proposto, o xenocidio cultural". O poeta Celso Emilio Ferreiro refírese con amargura a ese tempo de silencio e esa longa noite de pedra, a traveso de versos cheos de dor:

O teito é de pedra.  
De pedra son os muros  
e as tebras.  
De pedra o chan  
e as reixas.  
As portas,  
as cadeas,  
o aire,  
as fenestras,  
as olladas,  
Son de pedra.

En Galicia, cun máis longo vencellamento á monarquía castelana que as terras vascas e catalanas, e carente ademais na época contemporánea dun axeitado nivel de desenvolvemento socioeconómico, as consecuencias negativas do centralismo teñen sido moito máis dañias que en Catalunya e Euskadi. Estas dúas nacionalidades, por distintas razóns de desenvolvemento histórico que nesta breve exposición non é doado analizar, acadaron un relativo desenvolvemento industrial burgués que lles permitiu resistir mellor os embates do centralismo. Iso ten sido en tódos os ordes da sociedade, tanto nas estruturas económicas e financeiras (industria, banca), como nos aspectos sociais, políticos e culturais. Astra o punto que se podería dicir con toda propiedade que si Galicia é unha sociedade dependente en Madrid, máis tamén en Catalunya e Euskadi, as súas bases de máxima concentración. Estas afirmacións poden parecer atrevidas, mais o autor destas liñas ten publicado bastantes traballos nos que se demostra suficientemente coas debidas apoiaturas documentais o que aquí e agora se pretende enunciar.


## O USO DA LINGUA

No libro *Educación e desenvolvemento* que me publicou a Editorial Galaxia en 1968, editado posteriormente en versión castelán por Nova Terra, de Barcelona, prantexábase a magoante condición na que se atopaba a educación en Galicia. O análise dos distintos niveis de ensino ofrecía un cadro arrepiaante, principalmente no que se refiría a educación universitaria e o ensino técnico superior. Percisamente en resposta a ese e outros traballos altamente críticos, o Ministerio de Educación e Ciencia preparou a fins do 1970 un volumoso estudo baixo o título de *Planificación de la Educación: Galicia*. Ese "Plan" pretendía defrontar a problemática educativa de Galicia e plantexar medidas tendentes á súa solución.

Desditadamente, tal como era de agardar dos principios teinocráticos — autoritarios que informaban a política educativa en aquela etapa do rexime franquista, un aspecto da máxima importancia pedagóxica non foi prantexado coa necesaria craridade e determinación no texto ministerial. Refírome ao uso da lingua propia. Nembargantes, ninguén que coñeza a situación socio-cultural de Galicia poderá soste-ter que a utilización ou non utilización da lingua "materna" na escola non constitue un problema fundamental do proceso educativo. Calquera que estea familiarizado cos problemas do ensino en Galicia sabe moi ben que o uso do galego como vehículo de educación reviste unha importancia do primeiro orde. Impartir todo o ensino en castelán a nenos que descoñecen esa lingua ou a manexan con dificultades, nun país de características socio-culturais propias e definidas como é Galicia, representa un proceso de transculturación alleante. Ese proceso non deixa de ter consecuencias esterilizadoras e traumatizantes sobor da personalidade dos escolares individualmente e sobor do conxunto da sociedade galega.

O que se remata de dicir ratificouno o propio texto ministerial anteriormente citado ao afirmar que "como termino medio, só un 18 por cen escaso de alumnado, setetece anos, ten o nivel escolar que lle corresponde á súa idade cronolóxica: ou, o que é o mesmo que o 82 por cento dos nenos escolarizados en Galicia presentan un grao de desaproveitamento que, nalguns casos extremos, chega a supor un atraso de astra seis cursos respectivo ao nivel que lle corresponde á idade escolar". E unha mágoa que o autor do documento ministerial non profundara nas causas psico-culturais nen nos condicionantes sociais da probeza e o traballo infantil no campo galego que determinan ese desaproveitamento académico na escola de Galicia. O

Para enfocarlle axeitadamente a problemática educativa e cultural da Nosa Terra hai que escomezar sinalando a incidencia negativa que tivo no desenvolvemento da sociedade galega o fenómeno de dependencia política e cultural. Ao ser Galicia unha sociedade dependente ten padecido por moitos séculos unha dobre enfermidade que xa resulta endémica. Esa doenza de dous fios non é outra cousa que o *centralismo* e o *uniformismo*, males que se enconaron deica límites insorportábeis durante os derradeiros coarente anos da Historia española. Se ben é certo que Galicia, como sociedade dependente, van sufrindo o asoballamento colonialista desde hai séculos, esa opresión acreceuse enormemente ao longo da era franquista.



máis potente dos atrancos a unha proveitosa laboura educativa ten radicado, sin dúbida, no rexeitamento da lingua materna do neno e a imposición dunha lingua estrana e

intelixíbel ao educado. Iso convertiu a escola galega nun inferno pra a mente e as tarefas do aprendizaxe nunha experiencia medoñenta e torturante.

## OS DECRETOS

Os decretos de 30 de maio e 31 outubro do 1975 sobre linguas "rexionais" non aportaron ningunha solución viábel ao problema porque a estas alturas do proceso de erosión cultural e subordinación lingüística non abonda, polo menos no caso do galego, cunha actitude permisiva do poder pra revirar a tendencia á transculturación. O Estado ten a obriga e o deber de adoptar unha actividade co gallo de impulsar o rexurdimento e a vigorización das linguas e culturas nacionais. En primeiro termo, porque terá que descarregar a súa responsabilidade histórica na que incurriu por causa das súas pretensións asimilistas. Nun plan máis ilustrado e superador, porque o desenvolvemento das culturas nacionais significa en último termo o enriquecemento do patrimonio cultural creado polos distintos pobos que compoñen o Estado español.

Ao analizar, o estudo oficial que imos comentando, as condicións sociolóxicas imperantes no medio rural galego afirmaba que o "desaxuste escola-realidade é notorio". O mestre "ten sido o meúdo un factor estrano que falaba outro idioma e que desenrolaba unha laboura minimamente apreciada... porque aquela cultura escolar que impartía no medio rural servía ali moito menos que as formas tradicionais de cultura popular". Por isas razóns dise que "o relativo fracaso do sistema escolar institucional en Galicia", é un feito. O texto comentado remachaba deste xeito a súa auto-crítica: "o que á universidade chegue un 0,13 por cento total da poboación galega, fronte ao 1,3 por cento da española en xeral, é sobradamente revelador". De certo é sobranceiramente revelador do esnaquizamento da sociedade galega en tódas as súas facianas, e non somente na educativa, engadimos nos.

Transcurridos máis de dous anos desde que se publicaron os meus primeiros traballos críticos sobre o estado da educación en Galicia, a situación non ten variado fundamentalmente. O cadro segue sendo desacougante e en algúns aspectos mesmo mouro. Segundo prantexou A NOSA TERRA: "O ensino preescolar caracterízase polo baixo nivel de escolarización". En Galicia están escolarizados o 20 por cento dos nenos fronte ao 42 por cento en Euskadi e o 50 por cento en Catalunya. No respectivo ao ensino de Formación Profesional, Escolas Universitarias de Arquitectura e Enxenería Técnica (Grado Medio) e Facultades Universitarias, Galicia ten uns índices de matriculación moi inferiores aos do resto de España (aproximadamente a metade do que lle correspondería dacordo á súa poboación). No que se refire ao Ensino Técnico Superior, a situación é completamente negativa. De tódas as especialidades de Enxenería que se estudan en España non existe en Galicia unha soa Escola de Grado Superior. Co dado paradótico (cando se considera que Galicia é unha terra mariñeira e construtora de barcos) de que a única Escola de Enxenería Naval existente en España atópase ubicada en Madrid, o que podería ser o colmo do centralismo e a irracionalidade educativa. (Os datos foron tirados do INE, Anuario Estadístico de España 1976).

Para rematar esta exposición permítenosnos afirmar o noso convencemento de que a problemática educativa de Galicia somente poderá entrar polos vieiros das solucións cando o país conte con institucións propias. Aquí débese puntualizar que a pseudo-autonomía do 1978, cociñada a condimentada en Madrid polo conglomerado dereitista da UCD, non responde nen de lonxe ás verdadeiras aspiracións e necesidas de Galicia como nación diferenciada. Os problemas aos que se enfrentan Galicia, educativos e outros, son especificamente galegos e somentes poderán ser resolto, cando se enfoquen desde unha perspectiva netamente galega. A pseudo-autonomía "chocolatada", presidida polo ex-falanxista Rosón ou por Quiroga constitui unha trapallada para seguir escamoteando a problemática nacional de Galicia.

Somentes cando se acadé a autodeterminación que xurda da entrada popular de Galicia, proceso levado á práctica por homes que crean no país a súa xente, poderase prantexar unha política educativa que responda ás auténticas necesidas sociais e culturais da nacionalidade galega. Iso presupón, xa que logo, un sistema educativo pensado por e para galegos, enxuido ao contexto sociocultural de Galicia e que utilice como vehículo de ensino a lingua nacional galega. Somentes unha educación galeguizada en tódos os niveis, que se identifique de cheo coa cultura do país e que profunde no estudo e resolución da súa problemática, poderá converterse nun instrumento efectivo de loita contra a marxinação cultural e a dependencia a que ten estado xunguida historicamente a nacionalidade galega.



# PAISES CATALANS XUICIO CONTRA O INDEPENDENTISMO

XAVIER ROMEU

Nefeuto, ninguen pode dubidar chegado este intre que o xuicio tamén se fala de parodia- que tivo lugar na "Audiciencia Nacional" de Madrid o pasado dia 13 constituíu o primeiro do franquismo renovado contra do independentismo catalán. A consigna lanzada polos comités de solidaridade era, precisamente, "No al jidici contre l'independentisme" e viuse totalmente xustificada. O propio representante da acusación privada rexeitou explicitamente a posibilidade da aplicación da Amnistia do 15 de outubro do 77 aos acusados, xa que esta era aplicábel para os delitos cometidos na loita polas autonomías pero os acusados cataláns loitaban pola independencia de Catalunya, según dixo, exquecendo, semella, que estes patriotas loitaron e seguen loitando pola independencia nacional dos Países Cataláns.

Astra aquí o principio e o fin-do que se anomeou o primeiro xuicio do franquismo renovado contra o independentismo catalán. Pero o proceso ao independentismo non rematou nen se prev-e que vaia rematar polo de agora. Moitos outros patriotas están á espreita en prisión ou no exilio, de seren pasados pola xusticia española ou polas mans dalgunos batallóns de "incontrolados".

## O PARLEMENT NEN QUIXO MANDAR OBSERVADORES A AUDIENCIA

Desde o primeiro momento os Comités de Solidaridade tentaron implicar ás institucións catalanas no proceso. Representantes dos mentados Comités, xunto cos ameazados polo batallón catalán-español visitaron ao conselleiro de Gobernación da Generalitat e ao presidente do Parlamento. A resposta foi sempre ne-

gativa ou, polo menos, ambigua: proposta dunha "cobertura" policial para os ameazados; promesa de "tomar todo o interés no caso". Pero nen a cobertura lle merecía confianza a ninguén nen o interés parlamentario pasou das palabras. Na primeira sesión do Parlament catalán houbo tempo para falar de represión en Uruguay, pero non o houbo para falar dos patriotas cataláns. Tal e como decía un representante dos Comités "imos ter que lle pedir ao Parlamento uruguaio que nunha das suas sesións lle adique un ponto da orde do día aos patriotas cataláns encadeados e exiliados". Por non querer, o Parlament catalán non quixo nen mandar ao xuicio unha comisión observadora para dispor de información de primeira man.

Referente á prensa -incluída a que se anomea nacionalista- a resposta non foi nunca máis alentadora o silencio tocante ás acti-

vidades dos comités é total e sistemático, e a única tribuna de que aqueles dispoñen son as notas pagadas.


Neste contexto de indefensión e de soidade desenvóléronse os límites do xuicio que comentamos, mentres que a actividade oficial non deixaba de insistir sobor da cuestión autonómica -que se o 143, que se o 151 en Les Illes o no País Valenciá-, non paraban as campañas anticatalanistas pulsadas pola UCD valenciana e balear e os políticos do Principat ian dando unha lección do que é tomar en serio o da operación reforma: non pasa nada, todo vai ben, xa imos recobrando a nosa soberanía nacional.

## O SUMARIO DE GOMEZ CHAPARRO NON SERVIU NEN PARA ACUSAR

No momento de escribir esta crónica, 17mde xuño, inda non hai noticia de cal pode ser a sentenza que se lle imponha aos patriotas Jaume Martínez Vendrell e Lluís Monserrat Sangrà, que, segundo se rumoreia, pode ser de catro anos. Tamén ignoramos, a esta altura, se a defensa vai recurrir contra desta posíbel sentenza. O que sí sabemos, polo menos os que asistimos ao xuicio, é que non existe proba para inculpar aos acusados astra o extremo que, como fixo notar un dos abogados defensores, nen o propio ministerio fiscal nen a mesma acusación privada pode-

ron servirse do sumario do caso (instruído polo xuez Gómez Chaparro), xa que este non ofrecía máis probas que unha partida de nacemento dun dos acusados, unha fotografía do ano 1934 de Batista i Roca na que se aprécia o perigoso e sintomático parecido do mesmo co presidente mártir Companys, unha carta ao diário "La Vanguardia" dunha nena que se queixa de que o seu pai non atopa traballo porque non fala catalán, etc.

En definitiva, haxa ou non haxa sentenza, recurra a defensa ou non, seña xal seña o fin deste xuicio, o que sí é evidente é que a xusticia española e o "Batallón catalán-español" enxeitaron, co escándolo deste xuicio e das ameazas a morte dirixidas aos elementos sobranceiros dos Comités, unha dinámica de exasperación e de represión non disimuladas, das consecuencias da que uns e os outros han ter parte da responsabilidade.



## Comunicado do comité de solidaridade

A escusa dada é o atentado e a morte do industriais Busto, feito ocorrido o 9 de maior de 1977, a realidade é que son xulgados por seren revolucionarios cataláns. (Para mais detalles A NOSA TERRA do 30 de Maio ao 5 de Xuño).

E dixemos que os feitos puntuais e a falla de probas é o que menos nos interesa, precisamente xa que non queremos caer na trampa de defender -esclusivamente- a D. Jaume Martínez e D. Lluís Montserrat por eles mesmos, polos feitos de que son acusados, senón porque eles, hoxe, nos representan a todos os que loitamos polo estado socialista dos Países Cataláns. Porque a represión concretizada neles, ou nos outros patriotas encadeados, exiliados ou mortos é unha represión - aínda! - contra o noso pobo, contra o dereito do noso pobo a disfrutar do seu propio futuro e de organizalo do xeito que máis lle conveña.

E non só -engadiríamos- é unha represión contra o noso pobo, é unha represión dirixida a todas as nacións prohibidas da Europa que non de balde todas ou case todas tiveron ou teñen o seu "12 de xuño", o seu "Cas Batista i Roca". E é precisamente isto o que nos importa sinalar hoxe, que o estado capitalista (imperialista si queredes) español non vai permitir a máis mínima veicidade anti-sistema, e aínda menos se esta provén de galegos, vascos, canários ou cataláns.

E dirédesnos: ¿Quizais non o sabíades xa? ¡Craro que o sabiamos!, o que pasa é que aínda non nos fixeran o favor de de-

mostrarnos e facer ver a aquel que non quería velo, que o estado español non é tan democrático como semella, nen xiquera desde a perspectiva da democracia burguesa, e que cada día o será menos, e que día intentará afogar máis e máis a aqueles que se atreven a enfrenteárselle. a ese nivel a represión contra os patriotas ven de consolidar o montaxe adormecedor que o estado tenta de pórnos enriba, trata de impedir a presenza forte dun sector social que non traga por generalitats sucursalistas nen por esquerdas reformistas, un sector social que enfrota ao programa capitalista dos opresores (de todos os opresores, sexan da dereita ou da esquerda) un programa, unha vía de acceso ao socialismo, de destrución do sistema capitalista, de construción dunha nova sociedade.

E non temos cabida no sistema democrático burgués (sexa español ou francés ou de onde lle dea a gaña), son eles mesmos os que non fan o favor de deixarnos ao marxe, pois-hoxe a cuestión faise máis crara: ou o estado ou contra o estado, sen posturas intermedias que suavicen, sen concesións a ver se cae algo, o xuicio contra os patriotas cataláns é unha proba máis da intransixencia dun estado que naceu da intransixencia e que morrerá intransixente xa que non pode ser doutro xeito.

O 12 de xuño continuará a farsa.

Comité de Solidaritat amb els patriotes catalans. VALENCIA.

## ESPAÑA

# Os grupos políticos clarifican obxectivos

XOSE LOIS G. LAVANDEIRA

Como consecuencia dos resultados dos últimos enfrontamentos políticos que se produciron no Parlamento Español (dunha banda a febleza da minoría gubernamental, e por outra a fonda división da oposición), producíronse no fin de semana reaccións por parte duns e doutros que significan unha clarificación de estratexias e un intento de acadar acordos para formar maiorías de cara ao Goberno. Tanto polo banda de UCD como do PCE, as dúas forzas que nesta ocasión levaron a iniciativa.

## UCD PROMETE O INGRESO NA OTAN

Nestas circunstancias, o pasado domingo o Ministro de Asuntos Exteriores, Marcelino Oreja, solprendía á opinión pública cunhas declaracións ao xornal "El País", con tema central a base da promesa de que para antes do 83 o Estado Español ingresaría na OTAN. A solpresa non a causou desde logo o feito de que o Goberno queira o ingreso, senón precisamente que estas declaracións se fixesen tan de súpeto e máis que o ingreso estea previsto a tan curto prazo, sen que ninguén deica agora soupese nada. Noustante as circunstancias que impulsaron ao Goberno a dar este paso son múltiples e van desde a necesidade de saír do barrullo político no que se atopa metido, como xa se apuntaba ao principio, ao feito de que Carter, que tén prevista a súa visita para dentro de poucos días, se atope metido na campaña electoral e necesite reforzar a súa posición, para o que é lóxico que utilice aos Go-

bernos títeres ou amigos, e o feito de que o Estado Español ingrese na OTAN pode reforzar a súa posición diante dos que o acusan dentro do seu país de levar unha política bilando co Pacto de Varsóvia. O anterior e máis o feito de presionar a entrada na CEE serían as causas atribuíbeis a política internacional das mentadas declaracións do Sr. Oreja, pero, como xa indicou algun grupo da oposición, non se poden esquecer tampouco as necesidades que o Goberno tén planxadas na política interior despois das últimas "derrotas" parlamentarias que o levan a buscar o apoio doutras forzas, polo menos para ir saíndo do paso. Neste senso, o anuncio da entrada na OTAN para o 81 xa lle trouxo os aplausos de toda a dereita, e moi ben puidera ser que o Goberno tente aglutinar a todas as forzas pro OTAN arredor de si, mediante esta xogada.

## O PCE, A CAZA DUNHA ALIANZA

Pola súa banda a oposición, ou menos parte dela, vista a inoperancia política na que asume a

sua división, tenta buscar fórmulas que sigan permitindo, senón acadalo, polo menos coquetear co poder.

Neste senso hai que salientar o empeño que ten posto o PCE, do debate parlamentario para acó, nunha alianza co PSOE, que, por certo, deica agora sempre tropezo coas reticencias dos socialistas, moi temerosos das suspicacias dos seus votantes e da dos seus amigos internacionais, é decir, a socialdemocracia europea.

Na necesidade desta alianza PCE-PSOE existe a resolución política, aprobada polo Comité Central dos eurocomunistas na súa reunión do pasado fin de semana na que propuxeron que esta firme alianza se extenda a outras forzas políticas, chegando a sectores da UCD mesmamente, no que eles chaman "Alternativa Nacional", baseada nunha nova política autonómica, nunha política económica que defenda os intereses "nacionais", que seica estarían enfrontados aos grandes monopólios pero non á banca e unha política que soporta o ingreso no MCE, pero non na OTAN. Tamén hai que salientar neste senso mentras a UCD ve moi craro que as dúas cousas están íntimamente relacionadas e incluso en palabras do ministro Oreja utiliza a entrada no Pacto militar como chantaxe "para ser admitido na comunidade económica, os eurocomunistas propoñen o ingreso no MEC e rexeitan a OTAN

# CARTER, C.E.E. E A UNIDADE EUROPEA

J.J. NAVARRO / LLATZER MOIX

A semana pasada celebrouse na cidade italiana de Venesia o cume de xefes de estado e de goberno dos nove países integrantes na actualidade do Mercado Comun Europeo. Na axenda da reunión comunitaria había dous temas clave, un de alcance político mundial e outro de importancia para o futuro desenvolvemento da unidade continental europea.

O primeiro dos temas era o documento preparado polos nove países integrantes da comunidade europea sobre o problema de Oriente Medio. O segundo, a posición dos "Nove" sobre a ampliación do Mercado Comun, coa admisión de España e Portugal; admisión que quedara no ar, polo menos na data prevista, tras dunhas declaracións do Presidente francés, Valéry Giscard d'Estaing, nas que pedía que a negociación con España e Portugal quedara nun punto morto astra o Mercado Comun ter solucionado a súa propia situación interna, suxeita a unha fonda crise por mor dos conflitos bilaterais entre os seus membros e máis e ás circunstancias de recesión económica internacional do capitalismo.

## NO FONDO, "CAMP DAVID"

No que lle toca ao Oriente Medio, os "Nove" definíronse, como se previa, por medio dunha resolución que aboga por un recoñecemento internacional da Organización de Liberación de Palestina e a solución dos dereitos dos palestinos a viviren nun Estado independente.

Porén, a resolución dos "Nove" recibiu unha fría acollida de parte dos países máis radicais do mundo árabe, e unha severa crítica de palestinos e israelís (que neste tema, polo menos, amosaron ampla coincidencia), e cáseque saudada polos USA.

Esta aparente paradoxa (os USA veñen defendendo hai anos



o non recoñecemento da OLP como interlocutor válido, e a vía cara a paz por conversas entre Israel e os seus veciños, seguindo o modelo de Camp David) explícase polo feito de que a resolución comunitaria non desautoriza en ningún momento o mentado acordo, ao que chegaran Exipto e Israel co patrocinio dos USA, nen lle pón nin-

gun atranco ás conversas sobre autonomía palestina propostas por Washington.

En medios internacionais existe a opinión de que a resolución dos "Nove" lles resulta útil aos intereses norteamericanos, desde o momento que cobre, desde un punto de vista "occidental", un importante valeiro político no Oriente Medio. E craro que os palestinos teñen algo que decir no proceso de paz, e o seu recoñecemento por parte dos europeos pode por fácil máis ou menos inmediato o meso tipo de medida por parte norteamericana. De momento, a flexibilidade europea pode ser unha boa baza para que Carter convenza ao Rei Hussein de Xordania de que acepte o acordo de Camp David e se integre nas negociacións exipcio-israelís.

## MADRID ALEGRE

Non hai dúbida de que o tema do Mercado Comun é ben máis espíento. No cume de Venesia debatéronse dous achegamentos distintos á situación do MCE. Dun lado, a postura francesa era de lles pechar o Mercado Comun aos posibles novos membros, á espreita de que a actual estrutura comunitaria poida ser máis operativa. Doutra banda, a postura dos británicos — e a dos belgas, daneses e italianos, cun matizado apoio de parte de Alemaña Occidental — é de non cortar o calendario das negociacións con España e Portugal, e ao tempo, levar ao cabo os cambios necesarios na estrutura comunitaria, cunha posíbel ampliación do Mercado Comun pra mediados dos anos 80.

A nivel de Goberno de Madrid, a decisión trunfante en Venesia — perto das teses británicas — recibíuse con alegría.....

## Gran Bretaña, "morte accidental"

Londres, 29. 5. 80

Acaba de se celebrar un xuicio para inquirir as circunstancias da morte dun mestre neozelandés, Blair Peach, ocorrida nunha manifestación en Southall, Londres, contra o partido neonazi National Front en abril de 1979. O veredicto foi "morte accidental", apesar de que 11 testemuñas declararon ter visto á policía golpearlo na cabeza cun obxecto contundente.

O resultado das investigacións xudiciais é indeciso. Os expertos forenses non se puxeron de acordo sobre o obxecto que lle partiu o cráneo a Blair Peach. Parece que non foi unha porra reglamentaria da policía, nen unhas das porras extrarreglamentarias, mais pesadas, que os policías usan pola súa conta, así como trancas, barras de ferro, mazas, etc., sen permiso dos superiores. Puido ser unha rádio portátil, usada a xeito de mallo. Tamén parece que o cráneo de Peach era máis delgado que o normal. (A este respecto compre notar que hai uns dous meses ocorreu o caso semellante de

James Kelly, que morreu nun altercado coa policía porque seica tiña debilidade cardíaca....)

A liña de defensa da policía era que Peach formaba parte dunha chusma tumultuaria e que os axentes do orde non empregaron mais violencia que a xustificada polas circunstancias. Pero a comunidade de Southall, de procedencia asiática, ten motivos para temer o corpo de policía involucrado neste caso: trátase dunha chamada Patrulla Especial, especificamente adestrada para controlar este tipo de situacións. O caso foi que a raíz das investigacións catro policías foron trasladados a outros departamentos, e outro foi suspendido do servizo e deixou medrar a barba, negándose a afeitala cando tivo que formar nunha revista de identificación: con iso as testemuñas non puideron estar seguras se fora el o que matara a Peach.

A familia de Peach pensa demandar ao xefe de policía. Por outra parte a policía dí que pode demandar a algunhas testemuñas por difamación. Formouse un Comité de Amigos de Blair Peach: levaron a Scotland Yard,

sede da policía, unha coroa de flores cunha tarxeta pedindo liberdade de expresión e dereito a manifestarse; a policía díxolles que estaba prohibido manifestarse ali, por caer dentro dun rádio dunha milla do Parlamento.....

O presidente da Federación Policial declarou: "os que intentan socavar a moral da policía con acusacións fantásticas teñen que se decatar que nós non imos quedar cos brazos cruzados". E os policías que declararon dixeron que non lle pegaran a ningún (apesar de teren feito 342 detencións naquela ocasión) e que non viran a ningún compañeiro dar paus aos manifestantes.

O Consello Nacional das Liberdades Civís volveu a pedir unha investigación pública dos métodos policiais. Por outra banda o irmán de Blair Peach, que é abogado, dixo que o veredicto accidental é equivocado porque este caso "ocorre cando un acto legal causa a morte accidental dunha persoa". Pero "na deposición testimonial seica hai algunha proba de que o meu irmán foi vítima accidental dun acto legal?"

CARLOS DURAN

## IMPERIALISMO E CRISE INTERNACIONAL

A mediados do pasado mes de maio tiñan lugar en Bruxelas e Varsovia respectivamente, sendas reunións na cume das organizacións militares actualmente máis importantes no mundo (OTAN e Pacto de Varsovia) nuns momentos en que as relacións internacionais pasan por unha aguda crise e nos que precisamente por este motivo, a distensión e a coexistencia pacífica entre os Estados vense seriamente afectadas.

No comunicado final que os países signatarios da OTAN difundían aos medios de comunicación despois do período de sesións que mantiveron a mediados deste mes, decíase entre outras cousas, que a "invasión soviética no Afganistán ten graves repercusións no mundo"; que a "situación dos reens no Irán constitúe unha flagrante violación do Dereito Internacional" e que "a estabilidade das rexións fora da área dos países da OTAN, particularmente no sudeste asiático, área de aprovisionamento de materias primas, é de vital importancia para os seus intereses".

Como se sabe, nesta reunión adoptáronse entre outras as decisións de aumentar os gastos militares, o asentamento en Europa dos "euromísiles" de longo alcance, así como o reparto das tarefas "defensivas": os EE.UU. cuidarán da "defensa" das zonas externas á área da OTAN e os aliados europeos "fortalecerán a súa propia defensa dacrado coa aceleración de plans militares". Non se descartou a proposta do ministro de defensa holandés, a estudar proximamente, no senso de crear unha forza naval de intervención que estaría formada por tropas de todos os países membros do Tratado "en vista de que os EE.UU. poderían verse obrigados a trasladar algun barco máis ao Golfo Pérsico" (nestes momentos teñen na zona 34 buques de guerra, 4 portaavións e 34.000 soldados).

Tamén en Varsovia, coincidindo coa reunión de Bruxelas, e co 25 aniversario da creación do Tratado, xuntábase na cume o Comité Político Consultivo dos Estados signatarios do mesmo. Na resolución final, despois de facer un balance da actividade da alianza nestes 25 anos "encamiñada a aminorar a tensión internacional", de reafirmar o carácter estritamente defensivo da mesma "estamos dispostos a disolver se simultaneamente se liquida o bloque da OTAN", e de reafirmar asimesmo o apoio da mesma ás loitas de liberación nacional "que libran os pobos contra o imperialismo, colonialismo, neocolonialismo, sionismo, racismo e apartheid", propoñen unha serie de acordos concretados en 6 puntos coa "finalidade de rematar coa carreira armamentista co perigo dunha nova guerra, e coa perspectiva de fortalecer a distensión, coexistencia pacífica e paz entre os pobos". Entre outras cousas nos puntos recóllese unha serie de medidas, como a proposta de establecer un compromiso no sentido de que a partir dunha fecha concreta, a estipular entre eles, ningún Estado nin grupo de Estados aumenten os seus efectivos militares en Europa, Este e Oeste, "como paso para asegurar a estabilidade neste continente"; a garantía de respetar a soberanía dos pobos, a inviolabilidade das fronteiras, o dereito dos pobos a decidir o seu destino, evitar o uso da forza, o arreglo pacífico dos litixios e a colaboración entre os Estados; establecer contactos coa perspectiva de cesar a carreira de armamentos para o que propoñen unha serie de medidas concretas (firma do Acordo Mundial sobre o non emprego da forza entre os Estados, cese da produción do arma nuclear e das de exterminio en masa, redución dos presupostos militares por parte das grandes potencias...); estudo no marco da ONU dun programa tendente a limitar e reducir o nivel de presenza militar e actividade bélica no Atlántico, Índico, Pacífico, Mediterráneo e Golfo Pérsico. O mesmo tempo propoñen a celebración nun futuro inmediato dun encontro cume entre os dirixentes dos Estados de todas as rexións do mundo coa perspectiva de eliminar os focos de tirantéz internacional e impedir a guerra.

Salta á vista a contradición existente entre ambas resolucións. Nunha fálase de aumentar a carreira de armamentos e noutra de diminuílos. En Bruxelas discuten o modo de extender a influencia do bloque atlántico a outras rexións, de crear novos bloques militares e de asegurar os seus estreitos intereses a costa doutros pobos e países; en Varsovia reafirman a vontade de superar a política bloquista de lograr o desmantelamento dos bloques en xeral, e de reforzar as medidas prácticas que garanticen a paz entre os pobos e a súa soberanía. Sen embargo esta contradición trasluce asimesmo a práctica (obligada ou non) do imperialismo que trata de impedir a política de distensión e cooperación. E pois el o culpábel de crear unha atmósfera de tensión e confrontación nas relacións entre os Estados.

Xa no ano 75, ano da Conferencia de Helsinki, os EE.UU. impuxeron á OTAN un acordo sobre a "modernización" das forzas nucleares en Europa; no 78, coincidindo coa Asamblexa Xeral da ONU dedicada ó desarme, o consello da OTAN acordou o incremento constante dos gastos militares do bloque deica finais de século, independentemente do desenrolo internacional; no 79 os EE.UU. impuxeron aos países signatarios da OTAN a fabricación de coetes yankees para instalalos en varios países europeos especialmente na R.F.A. e Italia, pouco despois da firma do Tratado Salt-2 cos soviéticos...

## O TENIS DE MESA NON E MINORITARIO

Facer comentários de Tenis de Mesa non é tarefa doada xa que ao non ser un deporte considerado maioritario -que o é, xa falaremos disto- en canto a difusión, promoción de organismos, etc., pódese caer en dous supostos: publicar uns resultados de partidos coa friaxe que supón para o lector que non se enterará de nada, ou ben comentar eses partidos desde un punto de vista técnico que tamén suporía que ao lector lle soara a música ratoeira.


O meirande atranco que ten este deporte é que para que adquira interese hai que practicalo, entón é cando máis se palpa a súa complexidade, ou tamén ollando partidos onde os xogadores teñan certa categoría para decatarse do que pode ser un deporte que deica hoxe se lle considerou un "xogo de salón", chamado vulgarmente pin-pon, quizais polo ruído que fai a bola repetidamente ao pasar dun campo ao outro. Como xa dixen a miña obriga é espallalo e para iso tento facelo afondando con datos que poidan serviren de baseamento e non se lle considere un xogo de nenos que cando se practica en plan competitivo poida xurdir o dito de que é froito da habilidade. Dous exemplos chegan, de momento: Os rapaces chinos, para adprenderen o golpe de dereito de ataque, botan dous anos facendo só ese golpe. Outro: Cal non será a técnica, pois de forza non se pode falar, para mandaren unha bola que pesa arredor de 2,5 grs., e cun diámetro de 3,5 cm., a unha velocidade que pode chegar a 170 km/h., a un punto da mesa. e cal non será o entreno que hai que facer para coller esa bola e voltala outra vez á mesa, e así repetidamente astra rematar un tanto? Alguén dixo que este era un deporte de precisión e fantasía. Precisión porque nos entrenamentos se golpean miles de bolas petando sempre no mesmo punto da mesa e non precisamente a velocidade de "xogo de salón". Fantasía pola mesma razón e tamen pola cantidade de "virguerías" que se lle poden facer á bola: facer un saque que sen caer a bola da mesa, volte á man do xogador; facer un saque e que a bola volte por debaixo da mesa ao xogador que fixo o saque. Como se pode supor, isto faise so como mostra pois en competición estes golpes teñen resposta axeitada.

### NON E DEPORTE MINORITARIO

O Tenis de Mesa non é un deporte minoritario como supón a xente. Será minoritario como o

rugby, halterofilia, etc., en España onde non ten a protección que merece calquera actividade cultural ou deportiva que non se preste a certos intereses, pero dentro do conxunto dos deportes é o terceiro do mundo. Non coñezo os últimos datos sobre número de licencias pero a xeito de comparanza pode un decatarse do seguinte: non hai moitos anos había 800.000 licencias de fútbol en todo o Estado Español, e so en China tiñan 9.000.000 de licencias de Tenis de Mesa e a isto teriamos que engadirle o número de licencias que hai en países onde este deporte é maioritario ou ten unha importancia por enriba doutros. Outro dato exemplarizante disto pode ser que en Alemaña se están a fichar xogadores doutros países como se de xogadores de fútbol se tratara. Deixando ao márxo o Tenis de Mesa organizado onde se pode coñecer o número exacto de licencias, écantas persoas, hoxe, non xogan o "pin-pon" en colexos, clubs, salas de xogos, sociedades recreativas, etc., équedarán moitas persoas que algunha vez non colleran aquelas raquetas de corcho para dar uns pelotazos? Tamén falaremos deste caso, tristeiro, que ten xustificación e ao que se lle podería dar solución.

Logo do axedrez é o deporte que máis precisa ter o miolo no seu sitio en perfectas condicións, por exemplo: cando un se queima ou se pincha écanto tempo tarda en reaccionar a zona ferida desde que se aprécia esa sensación? Entón, cando un xogador manda unha bola desde o campo contrario a unha boa velocidade écanto tempo se pode tardar en coller esa bola e voltala co golpe axeitado, tendo en conta que detrás desa veñen máis e todas hai que voltalas cun chisco de garantías?. Poderíase dicir que non ten moita relación coa intelixencia xa que pór a raqueta a unha bola é un acto reflexo, pero tamén é certo que o miolo manda ou pode mandar a orde de facer outro golpe que non sexa o puramente mecánico, froito do entreno sistemático. En



teoría se un xogador fai unha xogada de ataque, o contrario fará unha de defensa, pero tamén pode facela de contraataque e querer dirixila a un punto que non é o que se fai nos entrenamentos, pois unha cousa sería a capacidade de resposta a certo tipo de bolas que se entrenan, e outra facer con eses golpes básicos toda unha chea de variantes que non se poderían controlar electronicamente como xa se fixo co axedrez, pois aquí interven o factor humano como principal executor, ademais de dispor dun espacio de xogo que aínda que está limitado por unhas medidas regulamentarias, sería practicamente imposible controlar unha bola no espacio, dirección da bola, ángulo da pala, empuxe, forza a aplicarlle á bola, rozamento, altura do bote, punto de contacto, etc., sen contar con que esa bola está en movemento, e logo hai que contar co contrario, todo no mínimo espacio de tempo que

hai desde que vai a bola dun campo ao outro: interven o material empregado, unhas gomas teñen máis aderencia, outras son máis rápidas, por qué abofé, que hai unha industria montada para a fabricación, control e cálculos de coeficientes sobre as gomas e esponxas, pero á hora de xogar todos eses cálculos teóricos, orientativos, se esnaquizan pola propia persoalidade do xogador, pois se ben hai unha técnica básica, ao decorrer do tempo cada xogador adopta un xeito de xogo que sen perder esa técnica, amaña as súas características.

O taboleiro do axedrez ten sesenta e catro cadros e trinta e dúas pezas cuns movementos concretos, onde un peón de saída so pode facer dous movementos, certo que hai oito peóns e dous cabalos que poden facer outros catro máis. Pero dentro desas variantes a resposta non é inmediata. No Tenis de Mesa as limitacións son as propias regras do xogo, medidas da mesa e un

mínimo espacio de tempo, a gran diferenza, co risco de non atinar en tan curto prazo coa resposta axeitada.

Non quixera liarme nunha liorta verbal cos acedrecistas xa que pouco entendo deste deporte: tampouco quixera que se entendera como un menospécio, pola contra, facer comparanza de ambos os deportes, dabondo indica o que eles son, aínda que bô sería que alguén respostara en termos didácticos en enchera un valeiro que coído non sería en balde.

Se a Escola de Entrenadores non considera este choio como intrusismo e A Nosa Terra mo permite, deseguido viran outros máis relacionados con técnica, táctica, sicología, materiais, preparación física, competicións, etc. acompañados de comentários que teñen o seu fundamento no curso de entrenadores e na propia experiencia, logo de ollar moitos campionatos de todo tipo.

### DEZ MIL SUSCRIPTORES PARA UNHA PRENSA GALEGA

Cada mes desde o primeiro de xuño ao primeiro de novembro, SORTEO de unha colección encuadernada de A NOSA TERRA entre:

- Os nosos suscriptores que fagan un novo suscriptor (FAGA SUSCRIPTOR A UN AMIGO)
- Entre todos os novos suscriptores.

Para o que xa é suscriptor Desexo suscribirme a "A NOSA TERRA" por 1 ano 2.000 ptas.  
6 meses 1.000 ptas.

Nome.....

..... Adxunto Talón bancario a nome de "A NOSA TERRA"

..... Xiro postal núm. ....

Nome.....

Enderezo.....

Localidade..... Telf.....

Firma:

En..... a ..... de ..... de 1.98.....

N.D.R.  
Para participar no concurso envíenos este boletín.  
No primeiro periódico de cada mes publicaránse os nomes dos suscriptores afortunados



Santo Domingo, 9  
Tfnos.: 225461-224458

LUGO

## ΥΓΙΕΙΑ ΚΑΙ ΠΑΝΑΚΕΙΑ A TESE EPIDEMIOLOXICA

ANXO RODRIGUEZ

**ASISTENCIA SANITARIA BENEFICA ( Beneficencia):** A pesares do rápido progreso que experimentan, nos derradeiros anos, en todos os países, as actividades sanitarias do sector público, mesmo no sector asistencial, debido tanto aos contextos sociais como ao papel, cada vez máis preponderante, dos gobernos e administracións locais na financiación dos recursos e servizos sanitarios, a atención da saúde de tipo benéfico no noso país e mesmo no ámbito do Estado, en franca regresión e deterioro, queda fondeada estrutural e operativamente no século pasado.

Debido a que esta modalidade asistencia abranxe un colectivo humano importante (crases desfavorecidas) coídamos que tratar esta cuestión a nivel reivindicativo representa un aspecto particularmente positivo no ámbito epidemiolóxico e social.

A BENEFICENCIA representa a atención na área da saúde, por parte da administración central, do organismo provincial, e municipal, e outras entidades particulares (benéficas) dun sector socio e economicamente deprimido da poboación. A cuestión como se comprende esta directamente relacionada co problema social do pauperismo, e mentras este problema exista a comunidade trata de dar resposta os problemas que subsidiariamente plantexa.

A partir da Convención francesa o Comité de Salvación Pública, encara o problema do pauperismo e ordena a preparación de plans e propostas para a súa abolición. Un problema difícil, que choca cunha burocracia institucionalizada. Créanse on Livres de la Bienfaisance Nationale, e lizada. Créanse on Livres de la Bienfaisance Nationale, e unha serie de medidas parciais, etc, pero o obxectivo final non se cumpre. Pouco despois, moitos estados europeos, ocupanse ou millor dito preocupanse do problema do pauperismo, pero cando máis, non se pasa do nivel de medidas puramente administrativas e caritativas. Esta problemática é asumida polo xoven Marx ("Vorwärts"), profundamente analizada e fortemente criticada "..... politicamente o Estado é realmente a estrutura da sociedade, non son dúas cousas distintas,..... o Estado é realmente a estrutura da sociedade; se hai males sociais o Estado atribúeos as leis naturais, ou cando menos invoca defectos accidentais da administración. O Estado non pode resolver a contradición entre os seus propios obxectivos e intencións e os recursos e medios en que se sostén. O recoñecemento dos dereitos do home (tamen dereito a saúde), mesmo polo Estado moderno, non pasa de significar un simple recoñecemento de facto, de unha realidade, pero pouco mais.

Resulta cáseque solpreendente constatar no noso país e no Estado o pouco progreso acadado neste terreo, que queda practicamente inmodificado astra os nosos días. Segundo algun tratadista (Serigó, Medicina Preventiva y Social 1972) a BENEFICENCIA baseáse no concepto cristián de comunidade de bens espirituais e na caridade. Na actividade benéfica, este senso de caridade, e axuda paternalista son fun-




Ilustración: XULIO MASIDE

damentais. Os mesmos expertos do tema sinalan o seu carácter regresivo e vestixial. Trátase de unha fase asistencial na que o Estado descarga esta obriga nos particulares, incluíndo a Igrexa, na comunidade que esta en redor dos enfermos (municipios) ou subsidiariamente, pero moi limitadas veces, nalgunha organización central. A práctica demostra que a estrutura sanitaria de beneficencia e totalmente antiquada e non ten medios. A análise amosa a negligencia e descoído da política estatal, que trata de transferir esta actuación e competencia pouco prestixiante ao ámbito marxinal e periférico que dentro do seu sistema xeral representan os municipios, sen dotala de medios e recursos axeitados, mesmo que estes están cada vez máis mer-

dados de recursos. E evidente a paradoxa da presente etapa da humanidade. En base a evidencia deste pasado (caridade, paternalis-

mo, humiación, divulgación, etc) sería unha cuestión prioritaria, dignificar e reciclar esta importante actividade sanitaria que mesmo e sentido e tido como incomoda por as mesmas institucións locais e cando non, como unha lacra por a mesma sociedade culpábel. Por outra banda os comportamentos insolidarios das sociedades actuais, fan moitas veces que os beneficios dos esforzos colectivos non se dirixan coa frecuencia que sería de desexar, as persoas que máis o necesitan.

E evidente que moitas competencias da administración local (municipios e diputacións, totalmente en contradición co as modernas concepcións dunha actividade sanitaria asistencial integrada, con responsabilidade plena do Estado, xa non representan máis que un vertixio e unha xustificación histórica, debido o desenvolvemento e absorción por banda da Seguridade Social, de maneira que dificilmente esta modalidade poida conservar unha existencia autónoma. A Seguridade Social ten fundido unha boa parte da rede hospitalaria deste sector pero non do sector privado. Mesmo os Hospitais da Igrexa deixaron progresivamente de responder a fins benéficos para converterse en hospitais privados ou contratados pola Seguridade Social.

No ano 1975 as camas destes hospitais do sector público (Administración local 29 por cen e Administración Central 21 por cen) representaban o 50 por cen do total de camas do Estado.

O colectivo humano da Beneficencia, comprende as distintas situacións de pauperismo e indixencia en que as circunstancias da vida poiden por o individuo ou as familias: velles, viudedade, enfermidade, orfandade persecución, marxinação, minusvalía física e psíquica, e todas aquelas situacións non cubertas polos beneficios do circo do traballo produtivo (asalariado), e aínda, por enganos e explotacións culpábeis de patróns e empresas que bulran as leis laborais.

Como se comprende este colectivo ben pode representar entre o 2-4 por cen da poboación, segundo as distintas áreas. Entre 75 e 100.000 persoas, na nosa nación, precisan de algun tipo de asistencia sanitaria benéfica.

Fora de determinados tipos de asistencia social, que tamen teñen competencia, os Axuntamentos deben asumir a asistencia sanitaria primaria con un aparello sanitario deteriorado, esguivo e desaxustado. Esta xestión, non é creada por as Corporacións, e imposta os favoritismos privan, e as necesidades reais non sempre son atendidas. A dotación económica para estas funcións (beneficencia e Asistencia Social) esta entre o 2.8 por cen do presuposto global: cantidade moi esguiva para un programa mínimo, deixando a un lado a política xerontolóxica que o mesmo Estado non assume minimamente no noso medio rural nen a protección e promoción da saúde da nenez nas áreas deprimidas, e que de algun xeito teñen que encarar os Axuntamentos.

### da terra asoballada

A Consellería de Educación da Xunta de Galicia acaba de emitir unha definición oficial en torno o ensino en lingua galega (Voz de Galicia do 13-VI).

A pesares das dificultades que repetidamente atopamos nalguns medios para que chegue á opinión pública galega á nosa posición e denuncias imolo tentar unha vez máis confiando na súa publicación.

Para a Consellería de Educación é "intransigente" e "creadora de conflitos" a actitude dos ensinantes galegos que defenden o dereito irrenunciábel a utilizar o idioma galego como vehículo de transmisión de cultura en Galicia...?? Pola contra é transigente, correcto e cordial a actitude de determinadas directivas de As. de País de negarse a que os seus fillos reciban ensino en galego coaccionando coa retirada dos nenos como presión contra os ensinantes que imparten as súas clases en galego. Medida de presión utilizada no caso

do C. N. de Foxo e agora no C. N. de Vilariño-Nigrán e que conta co beneplácito e colaboración do MEC, delegados e inspectores.

Non fai falla máis craridade. A Consellería de Educación e seguir lavando a cara con declaracións de galeguidade e se define como o que realmente é: unha situación delegada do Goberno Central para facer cumprir o Decreto de Bilingüismo verdadeira espada de Damocles enriba dos ensinantes galegos e base legal das actuacións coactivas e violentas de determinados pais e APAS coñecidas polo seu notório anti-galeguismo.

A dirección nacional da UTEG-ING agradece a craridade. Non cabía esperar menos de quen está para protexer, garantir e promover o idioma español a costa de impedir a normalización do noso idioma que quede reservado para todas aquelas cuestións que "non crean conflito", léase aspectos fol-

clóricos e enxebres. Pero mada mais. Todo o demais é "intransixencia e creadora de conflitos" para Consellería.

Esperamos que os membros da Comisión Mixta non ligados directamente co poder central atopen definitivamente os seus papeis, renuncien a seguir facendo de compañeiros de viaxe e dimitan de tal Comisión.

Despois destas declaracións non cabe ningunha dúbida de que o próximo curso vai ser unha verdadeira caza de bruxas. Pola nosa banda, seguiremos defendendo o dereito irrenunciábel ao uso do noso idioma por todas as vías necesarias. Facemos responsábeis a Consellería de Educación de todas as consecuencias que se poidan derivar porque nós, insobornabelmente, imos continuar na defensa do idioma ate a súa completa normalización.

DIRECCION NACIONAL DA UTEG-ING

### COMISIONS LABREGAS, FRENTE AOS ACORDOS DO CONSELLO DE MINISTROS

Diante dos acordos do último Consello de ministros, as CC. LL veñen de manifestar que "o aumento do prezo do gasóleo en 4 pts./litro é un novo atentado contra a grave situación económica dos labregos. Suba que vén elevar aínda máis os custos de produción de carne, leite". Engade a nota do Sindicato labrego, que a medida de tratar de compensar a suba, a traves da distribución directa aos labregos de cereais e leguminosas-forraxe nunca foi efectiva, por non contar cunha infraestrutura axeitada ás necesidades do agro galego, porque as cantidades que se dispoñían non eran bastantes e polos favoritismos e cacicadas que fan os responsábeis do SENPA. Rexeitan tamén a venda do millo en subasta pública, xa que se está destinado aos labregos debe ser distribuído a traves do SEN-

PA, e cun prezo fixo, directamente a estes, e non subastando nun almacén situado na capital, onde os labregos xa non terán coñecemento destas subastas e non poderán facer fronte nunha puxa onde os seus contrincantes son os intermediarios e fabricantes de concentrados.

### ING, CONTRA OS ACORDOS CC.OO-UGT

A Dirección Nacional da ING vén de valorar negativamente os acordos de CC.OO e UGT, "polo seu contido, alleo á realidade galega, e por pretenderen ostentar unha representatividade que non teñen neste país". A ING fai fincapé na non consideración do carácter da pequena empresa galega, e nos prazos postos para a realización de eleccións. A central nacionalista convoca ás executivas das centrais españolas en Galicia para unha xuntanza o vindeiro día 20.

da arte e dos xeitos

Por FELIPE SENEN

A FUNDICION DE FERRO: "MALINGRE"

No ano 1979 deixou de rexir a súa fundición a familia Malingre. Dito nome levaba traballando en Ourense desde 1849, daquela fraga botaron pequenas e grandes obras de arte. Seguíuse así unha vella tradición galega, a dos ferreiros, oficio que tivo as súas raíces na Galicia Castrexa e pola que sempre tivo sona a nosa terra.

Cociñas económicas, potes, balconadas, palcos para a música, bancos, tapa cañerías, mesas, estatuas... obras que saíron das fundicións Malingre e que se espallan pola xeografía galega. Pódese dicir que non hai vila, nen casa que non leve estampillado

nos seus terros a firma Malingre.

O seu primeiro director foi Manuel Malingre Parmatier, que como moitos outros fundidores da península habería de ser Belga. En Galicia é ben acollido polo seu oficio e polas súas ansias de traballo. Daquela, a metade do século XIX a arte do ferro comézase a empregar na construción, así, pois este tipo de industrias van medrando. Precisamente un fillo do fundador, Manuel Malingre Ludeña casárase coa filla do galeguista Valentin Lamas Carvajal do cal nacerían oito fillos, un dos que sería o derradeiro director: Manuel Malingre Lamas. A chimenea e a sirea da fundición foron tanta enseña de Ourense como as mesmas Burgas.

Precisamente dise do tradi-



cional pote galego que foi introducido en Galicia polo Belga Malingre. Pois segundo parece tamén se fabrican e se usan en Belxica, de onde se mandaban para o Congo Belga. Poida que este sexa a orixe do tradicional pote galego, algo que se fixo popular a pesares de ter as súas raíces noutras latitudes. O certo é que se acoplaba moi ben ás laeiras. Consiste nun trespés adosado á mesma cunca da cacerola, un deseño feito e adaptado para os fogares galegos, por iso perdurou tanto tempo.

A época de maior produtividade da empresa foi na Guerra Civil, tempos no que se militarizou pra facer proxectis de artilleira, que chegaron a traballar máis de duascenas persoas, pero

a produción e a arte de Malingre esta noutras cousas.

Nos últimos tempos a fabricación reduciuse a prensas pro viño, pois xa non tiñan aplicación as pezas que de aquí saíron para as fábricas de serrar, para os embalses das Conchas, Peares, Belasar, Albarelles... O líquido do ferro obtíñase da chatarra misturada con lingote, carbón, pedra caliza e ferro silicio e logo vertíase nos moldes pra dar lugar as pezas.

O escultor Asorey non prefería outra fundición que a de Malingre, casa que xa nos tempos do Modernismo distinguírase por fermosas obras. Moldes que aínda se conservan e certamente deben ir a parar a calquera museo galego.

andando a terra

Por M. HORTAS VILANOVA

NOTICIA DUN GALEGO NO AMAZONAS

No ano 1948 e nunha revista que dirixía en La Habana o meu parente Ramón Fernández Mato, titulada Raíz, rabiosamente hispanoleira, no n. 2, publicouse un reportaxe moi curioso de Victor de la Serra titulado ALFONSO I DE AMOZONIA, que contaba a vida do emigrante Alfonso Graña. O sumario do reportaxe, traducido, era como sigue: "Galego oriundo de Ribadavia, que 'reinou' doce anos, podía mobilizar un exército de cinco mil indios. — Ningún europeo podía, sin o seu permiso, penetrar na selva".

Alfonso Graña naceu nun povo ouresán: Avión. Non sabemos si na capital do municipio ou nunha das parroquias abeiradas ó abrigo da Serra, agreste e impresionante. Os vinte anos estaba traballando de "cauchero" na selva do Amazonas. O escasear o traballo moitos "caucheros" establecéronse en Iquitos. Graña desaparecera. O cabo de dous anos sópose que cara ó Pongo de Manseriche, nunha xigantesca greta que o Amazonas abre nos Andes, estaba Graña. A noticia dérana

unos indios xíbaros, da tribu dos huambisas.

Alfonso Graña chegou a ser o xefe dos míticos xíbaros, famosos por ser unos guerreiros temibles, disecadores de cabezas e inatacables pola chamada "civilización branca". Na lingoa popular a palabra "xíbaro" é sinónimo de brután e de bárbaro. Ocupaban un terreo situado entre os ríos Nieva, Santiago e Alto Pastazo e a súa extensión é como Castilla la Nueva, Estremadura e Andalucía xuntas. Graña era o único branco que vivía alí.

Un día apareceu Graña en Iquitos, río abaixo, rodeado de xíbaros e com moitas mercancias. Ese viaxe realizárase perante doce anos cada seis meses, en balsas feitas polos indios. Do río Nieva pasaba ó Santiago, dende este ó Maraón ou ó Amazonas, cruzando o perigrosísimo Pongo de Manseriche polo que non se astreva a cruzar ningún navegante. Dende o Nieva a Iquitos tardaba de vintecino a trinta días.

As noticias que dá Victor de la Serra de Alfonso Graña, debellas a outro galego, establecido de libreiro en Iquitos, chamado Mosquera, que non sabemos de onde era nativo. Mosquera era o enlace entre Alfonso Graña e o mundo. Compre acerrar que Gra-



ña non sabía ler nin escribir.

Graña foi o xefe de varias tribus xíbaras. Enseñoulles a curtir as peles, fabricar chouzas, traer o sal das lagoas, desecar a carne do "paiche", que é un xigantesco peixe do Amazonas, e a salar a carne dun mono que un bocado moi gustoso naquelas terras.

Cando o capitán Iglesias fíxo un vó polo Amazonas prietou filmar unha película sobre os xíbaros e pra eso falou con Mosquera. Mosquera, a súa vez, falou con Alfonso Graña e dixo:

— Eu poño a disposición do capitán cinco mil indios.

No ano 1926 a compañía Standard Oil quixo facer unha exploración petrolífera nesas terras e tivo que contar con Alfonso Graña. E no 1932 a Latin American Expedition, que constaba de trinta homes, puidose salvar porque un dos expedicionarios coñecía a Alfonso Graña de cando as exploracións petrolíferas da Standard Oil. Si non chega a ser polas provisións que lles levaron os xíbaros seguramente que non sobrevivían.

Contan que no ano 1933 un aviador peruano perdeuse na selva do Amazonas co seu avión. Os seus compañeiros buscarono infructuosamente. Cando se daba por perdido, un día baixou polo Amazonas unha balsa, cun candeileiro e dúas bandeiras a media asta. Era Alfonso Graña, escoltado polos xíbaros, que atoparan o cadavre, embalsárano e devolvíano ó Goberno do Perú. O Goberno do Perú, pra pagar este xesto, concedéulle o disfrute perpetuo das salinas do territorio xíbaro e confirmouno oficialmente no mando da bisbarra.

Cando baixaba a Iquitos, Alfonso Graña iba cos xíbaros ó cine. Polo visto a teima de cortarlles o pelo, feito que, ó parecer, enchiaos de tristura. Mais eles obedecíanlle.

Unha vez Alfonso Graña levou a Iquitos a un mago-médico, ó que o libreiro Mosquera lle tirou unha fotografía. Un día Mosquera preguntoulle por él a Graña. Velaquí un anaco dunha carta de Mosquera contando o feito:

— ¡Ah! ese foi Mariano. Mariano morreu. Matarono por bruxo.... Sí, mátarono porque fíxose de médico e foi curar unha criatura e morreulle. E como alí é costume entre eles matar ó médico cando non sana o doente, pois... imorreu o bruxo!...."

Alfonso Graña morreu polo ano cuarente e moitos. Non se sabe de qué nin como morreu.

Alguén terá unha fotografía de Alfonso Graña. Posiblemente sepan moito dél os descendentes — si é que os hai — do libreiro galego Mosquera, establecido en Iquitos. Ou o propio Mosquera si é que aínda vive. Valería a pena investigar a fondo sobor da vida, feitos e aventuras deste galego emigrante.

Persoalmente o que máis me chama a atención é como puido entenderse cos xíbaros. Non me cabe dúbida de ningunha clás de que necesariamente tivo que aprender a súa fala. O que me preguntó é como se amañaría pra daplendela e canto tempo lle levaría.

arredor de nós

Por CHAIRA

ENCOL DAS CARRACHAS


Os ácaros forman un grupo de animais de pequeno tamaño, que presentan unhas formas moi variadas, pois poden ser alongados, esféricos, etc., podendo dispor de dous, tres ou catro pares de patas articuladas, e carecendo de divisións o seu corpo.

Podémolos atopar en sitios moi dispares, entre as follas deitadas no chan, en zonas con água, en sitios secos, por arriba de moitos vexetais e animais....

Son uns animais que aínda que ás veces pasen desapercibidos, teñen unha grande importancia desde o punto de vista

económico e social. Débese isto ao feito de que moitos deles sexan parásitos de certos cultivos, ou dos animais domésticos e mesmo do home, mais hai outras especies que teñen vida libre ou parasitan somentes nun período da súa vida.

As carrachas, tamén chamadas carrachos, garrachos... Ixodes ricinus, forman parte dunha das especies que pertencen a este grupo, caracterizadas por parasitar ao home e mais ao gando, principalmente a este, o mesmo que outros animais, para succionar o sangue destes mamíferos, para o cal teñen de se fixar polo rostro e mais al patas.



Polo devandito, as carrachas poden transmitir enfermidades, pois non botan a súa vida nun mesmo hóspede. De feito, aínda que son parásitos durante todo o seu ciclo vital, somentes se fixan ao hóspede no tempo de se alimentaren. Empregando como xa dixemos unhas pezas rostrais, bucais, acceden a través da pel ao sangue; deste xeito vanna chpando e van medrando de volume pois o corpo permítelles grandes dilatacións pra acumular alimento.

Unha vez cheas, despréndense do corpo do hóspede, e van parar ás xestas, herbas, ... que haxa derredor. Ali poden mudar para medrar, e botar un

tempo sen comer, que pode ser moi longo; pasado este, teñen de percurar outro hóspede.

Parece ser que se reproducen sobre o hóspede, e tras a cópula a fémia sóltase, indo por os ovos no chan.

Aínda que estes animais podan ser extraños para moitas persoas non o son tanto para aqueles que teñen un contacto directo cos animais ou que andan polo monte. Coido eu que calquera persoa que camiñe polo monte, ten coñecido de perto ás carrachas, ao "descubrir" sinxelamente, un punto mouro no corpo, que tampouco é para tanto, e decatarse que non é un luar.

PUBLICACIONES



SAIU "COORDENADAS"

Tempo habia que sectores do mundo universitario compostelano formularan a idea, a aspiración máis ben, dunha revista especializada, dunha "revista universitaria de cultura". Este, é precisamente o rubro de "Coordenadas".

Sintomáticamente, os mentores da revista, sen dúbida dous (sic) entusiastas, gardaron astra o derradeiro momento no calestre a posibilidade dunha "revista pluriversitaria de cultura". E é que o pluralismo, a apertura de novos e amplos horizontes o mesmo no campo científico que no especulativo, é teima fundamental sua, e a propia concepción da estrutura universitaria, segundo propia declaración, "é algo anexo, superado".

Non imos tratar aquí do primeiro número de "Coordenadas". O seu propio carácter aberto, de orientación e desentraña-

mento de realidades, que non de definición, condiciona a concepción da revista. Nela contéplase desde a colaboración teórica ao adiantamento da pescuda científica, pasando pola especulación filosófica ou a colaboración literaria. Tén un fato de seccións fixas, varias delas a xeito de editorial, pode que serio, pode que esperpéntico, pode que satírico. Unha nova concepción, nada "academicista", desde logo, para unha cousa que se reclama orixinada e abandeirada de algo tan "sesudo", entre moitas comiñas, e a priori, como é a "cultura universitaria".

A apertura e amplitude lévase ao extremo. E como respetan, segundo propia definición, a "liberdade de pensamento", publican os traballos nas linguas en que veñen redactados, xa aparecen neste primeiro número ben traballos en español e astra uns poemas en euskera. Eles mesmos recoñecen, con todo, que non van cair en utopias de publicar

traballos en inglés e cousas semellantes. E é precisamente aquí onde un, desde a súa perspectiva nacionalista, debe por forza, e a priori, discentir. Non diexando lugar a utopias, un faría a revista salvando as excepcións que hai que salvar, maiormente de creación literaria, fariaa, insisto, en galego. De todos modos, polo que significa, polo que anuncia, polo que promete, benvida, "Coordenadas".

X. M. GONZALEZ

MUSICA

STIVELL, OS CELTAS E DIOS

Que as sinfonías son algo máis que moito ruído, parece ser algo que a xente da música popular non acaba de entender. "Como chamar a unha hora e media, composta en tres movementos, interpretada por setenta e cinco músicos", pregúntase Stivell. Ve-laí a súa resposta: sinfonia celta. E non, home, non. As sinfonías non son iso, salvo que pensemos que se fan sinfonías cando se xuntan un mundo de músicos. Se non hai unha estrutura determinada (a forma de sinfonías. Podemos cambiar de esquemas, buscar acougo noutros sistemas. Pero aínda que desde o punto de vista do rock Tir Na Nog estaría perto do sinfonismo, o rock sinfónico non deixaría de ser un alcume, un xeralizado alcume, que tenta apreixar un certo linguaxe mais ou menos grandioso astra ben pouco inexistente no rock. Vamos. Que de sinfonia, nada. Nada.

Se tiveramos que atopar un



adjetivo axeitado para falar do dobre clepé de Stivell, os únicos certos serían o de "suite", ou o mais faltón de *allada*. Porque hai tal engarelo, tal cantidade de influencias musicais en "Tir Na Nog", que o término *allada* non resulta excesivo. Como chamar senón a unha pretendida "fusión do jazz, da música indu e demais músicas orientais, das músicas africanas, do rock, da chamada música contemporánea, das músicas folc europeas, das músicas clásicas e antigas, e incluso dalguns tipos de pop" (escolmado da carpeta, que non ten desperdicio). E digo pretendida pois, pese aos tres movementos e os setenta e cinco músicos, non hai unha verdadeira síntese de tanta corrente musical, senón pequenas parcelas dunha e outra música en medio de Stivel de sempre. Sen mais estrutura que a cronolóxica de exposición das distintas pezas. Stivell tece unha música coa que ensaia comunicar os seus proxectos místicos: "Quixen expresar dunha forma superposta, tres tensións que non son máis que unha no fondo: a tensión individual da superación do eu, a tensión comunitaria deica a sociedade ideal, a tensión universal decia o absoluto, o infinito, Dios". Abandon os comentários. Somentecir que o fenómeno non é novo na música. Que Bruckner, por exemplo, escribiu o "Te Deum" coa inspiración de Dios...

En fin, que non hai moito que decir. De pouco serve (perdón polo pesimismo) gastar palabras diante do último Stivell. A súa importancia é máis sociolóxica que musical, e non hai máis.

Poucos cantantes poden amosstrar as transformacións da canción con tanto tino como o último Stivell (é un caso modélico); desde a música sinxela de corte tradicional astra o sinfonismo chabacano, desde o compromiso social ao misticismo relixioso, hai un trocar de esquemas que permite seguir a evolución dun movemento ideolóxico de busca de raíces que retoma o fio do subxetivismo romántico. Do celtismo non caso do coñecido cantante bretón. Celtismo ao marxe das máis elementais testemuñas históricas. Que haxa uns certos vellecos entre certas nacións parece indudábel. Que este parentesco o poidamos centrar nos celtas é unha parida, pois da música dos celtas non se sabe nada. A instrumentación -gaitas... e formas musicais -muñeiras, j jig...- son sen dúbida moi posteriores. Sen entrar en razónamentos que foxen da brevedade imposta neste momento, teño a certeza de que falar de celtismo é unha ousadía. Que quede, xa que logo, craro: a sinfonia celta nen é celta nen é sinfonia. Repito: é o Stivell de sempre coa chaqueta sinfónica. E a min, a verdade, o disco aburriume soberanamente. O interés do disco, non obstante, varia segundo a clientela; ha de gustarlle aos "afeizoados" ao misticismo celta en versión sinfónica. Aos demais, agás duns poucos fanáticos de Stivell, vailles parecer un solmne ladrillo. A min desencantoume... Tanto músico e tanta cousa para facer ese penouco...

LOIS RODRIGUEZ ANDRADE

AXENDA

MOSTRAS

Colectiva 2. Obras de Bucifios, Maria Carrera, Castillo, Alfonso Costa, Xosé Cid, M. Antonia Dans, Garázabal, González Pascual, Laxeiro, Ana Legido, Xulio Maside, Xavier Pousa, Manuel Prego, Xaime Quessada, M. Antonia Salvador, Manuel Torres e Virxilio. Citânia, Galería de Arte. Santiago.

Fernado Bellas. Fotografías. Astra o 30. Galería Sargadelos. Santiago.

ACTOS

Circo "Ciudad de los Muchachos", de Bemposta (Ourense). Dias 20, 21 e 22. Pazo dos Deportes. Vigo.

DISCO DA SEMANA

Ludwig van Beethoven. - 6 SINFONIA "Pastoral" Orquesta Inglesa de Cámara Dr. - Michael Tilson Thomas - Sonido. - 8 Interpretación. - 8

Tilson Thomas plantexa unha versión cunha orquesta de dimensións semellantes ás das vienas de empezos do XIX. Entende a "Pastoral" como unha sinfonia clásica e fai unha lectura desprovista de arrebatos románticos e demais herbas ao uso. Moi fermosa a interpretación do andante.

TEATRO

Estreno de "Bailadela da morte ditosa" Premio de Teatro "Abrente" deste ano. Dias 23, 24, 25. 8 da tarde. Auditorio de Santo Domingo Museo do Pobo Galego. Santiago.

Montaxe conxunto dos Grupos Andromena e Antroido da Cooperativa Teatro do Estaribez.

IV XORNADAS DO ENSINO DE GALICIA

LUGAR: Liceo "La Paz" - Barrio das Flores - A Coruña. DATAS: Dias 25, 26, 27, 28, e 29-Agosto-1980. MATRICULA: Ensinantes en xeral, 1.500 ptas.; socios da A.S.-P.G., 1.000 ptas. ALOXAMENTO: Pensión completa, 6.500 ptas. Só habitación, 2.700 ptas.

Nota: O número de habitacións é limitado. Haberá servizo de comedor a base de tickets para o xantar e a cea.

INSCRIPCION: a) - Por correo, dirixíndose á Secretaría das Xornadas - Apdo. 1102 de Ourense, e enviando unha transferencia bancaria á conta número 01-025000-9 do Banco de Vizcaia de Ourense - Suc. Avda. de B. Aires.

b) - Persoalmente, nas seguintes librerías de Galicia:

- \* Castela - Rúa Pizarro e Ir Indo-Vigo.
- \* Couceiro - Rep. El Salvador, 9-Santiago.
- \* El pueblo-Pontevedra.
- \* Helios - Real, 43-Ferrol.
- \* Lume - Fernando Macías, 3-A Coruña.
- \* Ronsel - Galerías Parque, Cursos Enríquez, 21-Ourense.
- \* Souto - Praza Maior, 14-Lugo.

TEMATICA: 1). - Ponencias sóbros temas:

- Política educativa e organización do ensino en Galicia (E.C.; LAU).
  - Financiación do ensino e regulación de plantillas.
  - Situación do ensino galego hoxe: idioma e contidos educ. Alternativas.
- 2). - Seminarios pedagóxicos e experiencias educativas. Está previsto desenrolar máis de cuarenta seminarios didácticos.
- 3). - Actividades culturais. A base de teatro, tiruleques, música, cine pedagóxico, presentación de material pedagóxico, libros e revistas, xerais a museos e monumentos, conferencias e mesas redondas, e festa da fraternidade.
- ORGANIZA: ASOCIACION SOCIO-PEDAGOGICA GALEGA (ASPG)

# curso de lingua

## Vintenove

X. M. DOBARRO  
M.P. GARCIA NEGRO

### A POESIA DE POSTGUERRA NO INTERIOR A POESIA E VERDADE

Un procura a verdade  
por tódolos camiños, baixo as pedras,  
nas raigames escuras das olladas,  
máis alá das escumas i os solpores.

Busco a verdade en ti, rexa poesía  
dos poemas que labouran,  
taito real das cousas  
que están e son, anque ninguén as vexa.  
Home total,  
que vas e vés sin sombra polas ruas  
e tes a tua verdade nos curutos  
do mundo, no profundo da historia,  
na esperénzia dun día calisquera,  
e non os paxaros nin as nubes  
nin as lonxíneas maus do vento dondo  
que acariñan o mundo dende sempre.  
Investiga a verdade do teu tempo  
i alcontrarás a tua poesía.

CELSE EMILIO FERREIRO  
De *Longa noite de Pedra* (1962)

### CANCION PRA CANTAR TODOLOS DIAS

*Hai que defender o idioma como sexa:  
con rãbia, con furor, a metrallazos.  
Hai que defender a fala en loita rexa  
con tanques, aviós i a puñatazos.*

*Hai que ser duros, peleós, intransixentes  
cos que teñen vocación de señoritos,  
cós porcos desertores repelentes,  
cós cabras, cós castrós e cós cabritos.*

*Temos que pelexar cos renegados,  
cos que intentan borrar a nosa fala.  
Temos que loitar cos desleigados  
que desexan matala i enterrala.*

*Seríamos, sin fala, unbos ninguén,  
unbas cantas galiñas desprumadas.  
Os nosos enemigos saben ben  
que as palabras vencen as espadas.*

*O idioma somos nós, pobo comun,*

*Vencello que nos xungue é ten en pé,  
fogar no que arde acesa a nosa fe.*

*Hai que loitar, pois, coa deserción,  
cos parvos ñorantes burras quentes.  
Hai que afirmar a fala con tesón,  
defendela con uñas e con dentes.*

*Hai que darlle ao pobo a súa voz pura.  
Quen nos quer sin fala, quer matarnos.  
¡Hai que defender a fala con mau dura  
pois precisamos da fala pra salvarnos!*

MANUEL MARIA

De *Canciós do lusco ó fusco* (1970)

LUA DA XEADA

*Lua da xeada!*

*Faise brasa  
a leña da regoada  
faise cinsa e brasa  
degráñase o millo  
fiase o liño mada a mada  
ca lus no murillo.*

*O fuso de lonxe o fuso de lado  
a roca á illarga o corpo delgado.*

*Fiaraza a fiaraza  
faise a baraza*

*baraza a baraza  
faise o nuvelo*

*nuvelo a nuvelo  
faise o mantelo.*

UXIO NOVONEYRA

DE *OS EIDOS 2* (1974)

Como xa víramos na lec. Vinteseis, a guerra civil supuxo un corte na evolución da nosa literatura e un penoso re-iniciar o camiño nos anos posteriores. O labor de animación cultural que levaron a cabo os núcleos da emigración foi dunha importancia extraordinaria e a proba de que só unha política abertamente imperialista, con toda a súa secuela de represión, era quen de facer enmudecer a voz das nosas expresións culturais que tantas e tan optimistas expectativas enxendrara nos anos anteriores á guerra.

Nos anos cincuenta e sesenta, moi lentamente, vólvense abrir os sulcos da nosa literatura. En 1947, publícanse os *Cómaros verdes*, de Aquilino Iglésia Alvareiro, na mesma liña clasicista de libros anteriores; en 1949, nace a "Colección de poesía Benito Soto" en Pontevedra e en 1950 Xistral en Lugo, xa nos anos sesenta, nace en Madrid o grupo de poesía "Brais Pinto", arredor do que se agruparon mozos galegos daquela estudantes na metrópole, con inquietudes políticas e literarias. Pouco a pouco, vanse perfilando as personalidades dos que logo habían ser poetas xa cunha obra callada e que, en moitos casos, camiñaron ás apalpadelas até atopar a súa canle definitiva. Escollémos tres poemas de Celso Emilio Ferreiro, Manuel Maria e Uxío Novoneyra, como mostra — mínima, por suposto — do período e do xénero en que nos fixamos hoxe.

Celso Emilio Ferreiro (1914-1979) é autor de tres libros de poemas en español e doutros varios no noso idioma: *Cartafol de poesía*, xa no ano 1935, *O sono sulgado*, 1954, e, fundamentalmente, *Longa noite de pedra*, 1962, a obra-revelación do autor e de decisiva influencia nas xeracións novas que daquela se achegaban aos camiños da poesía e que en moitos casos ignoraban a produción (alén mar) dun Soane ou outros escritores emigrados. Apesar da obra posterior (*Viaxe ao país dos enanos*, 1968, *Antipoemas*, 1970...), foi este libro o que consagrou o seu autor xunto cun tipo moi definido de poesía, que el mesmo definía como un "... mergullarse con desesperado esforzo no mundo social da nosa terra; nos problemas vivos do noso tempo, nas angurias das nosas xentes". No poema seleccionado, ofrécenos unha definición da propia poesía, na liña de realismo e autenticidade que o poeta identificaba como consustancial ao seu labor, cun interés solidario en chegar o home á súa propia verdade.

Manuel Maria (1929) é, por moitas circunstancias, caso singular entre os poetas galegos de hoxe. En primeiro lugar, pola súa produción ininterrompida desde os anos cincuenta en que comezou a escribir; logo, pola súa entrega, en contidos e en idioma, ao seu país, animada arreo por unha vontade decidida de comunicación co público lector e/ou espectador; finalmente, pola variedade de rexistros e mesmo de estilos dentro

daquela fidelidade aludida. Poeta traducido a oito ou nove idiomas, non é, porén, nen ten trazas de selo, un poeta galego asimilábel facilmente pola cultura española "à la page", precisamente polo seu claro vínculo e compromiso patriótico coas realidades extra-literarias da nosa nación. Desde *Muñeiro de brétemas* (o seu primeiro libro, 1950) até *As ruas do vento ceibe* (1979) e os seus últimos versos, hai un longo exercicio poético con fitos como *Terra Cha* (1954), *Documentos persoais* (1958), *Remol* (1970) *Laio e cramar pola Breña* (1972) e outros moitos. O poema escollido está en razón do seu contido e da súa vixencia nos tempos que corren.

E, finalmente, Uxío Novoneyra (1930), como o anterior poeta luqués, é por excelencia o poeta do Caurel, terra que tanto gosta de "traducir" e interpretar poeticamente. A soedade do home fronte á natureza en todas as súas dimensións é tema dos seus libros: *Os Eidos* (1955), *Elexias do Caurel* (1966) e *Os Eidos 2* (1974), libro ao que pertence o poema escollido e que desenvolve un dos poéticos favoritos do autor, baseado na procura de beleza fónica de todos os elementos do verso co concurso dos dialectalismo montañeses que lle prestan unha especial sonoridade.

O comentario lingüístico hoxe vai ser limitado, por razóns de espacio. Fixémosnos nun hiperexhibismo que aparece no primeiro poema, *taito*, en lugar do correcto *tacto*, na diferenza que marcamos co acento entre *ves* (de ver) e *vés* (de vir) e no uso errado do *calisquera* por *calquer* ou *calquera* (tampouco *calqueira*). Reparemos tamén no *matiz* que separa o significado de *vencello* e *vínculo*, o primeiro cun sentido físico e o segundo cun sentido espiritual. Reparemos na orixinal expresión do noso idioma para indicar o tempo — vago e preciso ao mesmo tempo — entre o día e a noite: "entre lusco e fusco", do lusco ao fusco..... que aparece no título do libro ao que pertence o segundo poema (correspondense cos *solpores*, do primeiro poema ou con máis voces que aínda ten a nosa lingua para designar este período de tempo). O último poema merecía un comentario por miúdo de toda a súa riqueza léxica; sinalemos unicamente — por nos parecer un termo de frecuente confusión — a diferenza entre *roca erocha*: a roca é o instrumento de fiar, encanto que a rocha é o penedo, a pedra.

# CARTAS

## CONSIDERACIONS ARREDOR DO DECRETO DE BILINGUISMO

Para empezar, ¿por qué non nos deixamos de leria e chamamos ás cousas polo seu nome? O seu nome é ben fácil de deprender, chámase diglósia, palabra un pouco rara para vir a significar o que todos coñecemos ou deberíamos coñecer como colonización cultural, porque, meus amigos, nós non somos bilingües. O bilingüismo non existe en ningún país. Collamos o exemplo da Suíza onde hai catro linguas: alemán, francés, italiano e romanche faladas nos seus respectivos cantóns. ¿Qué lles pasaría aos rapaces que nacesen no cantón alemán si fosen bilingües? ¿Uns falarían alemán, outros francés, uns poucos italiano e o resto romanche?... Coido que non. Entón ¿qué pasaría? ¿Falarían francés de 4 a 5, italiano de 5 a 6, alemán de 6 a 7, e romanche coas súas variedades dialectais de 7 a 8? Coido que tampouco.

En realidade, o bilingüismo é un concepto abstrato e valeiro de contido que vai de maravilla pra agachar as intencións dos que pariron o decreto de bilingüismo: a desaparición, o aniquilamento da lingua galega, da cultura galega, da nación galega que presenta ao idoman como o seu signo externo máis visíbel.

¿Qué é o que pasa, na Suíza? Algo moi sinxelo: a comunidade de ascendencia xermana fala alemán na

casu, na rua, na escola e deprende na escola as outras linguas como asignatura pra cando teñan que sair do seu cantón. E o mesmo fan as restantes comunidades. Neste senso, si podes falar de bilingüismo ou trilingüismo, máis, ¡atención!, soio neste senso. Agora que se fala tanto da europeización, ifagamos coma os suízos!, falemos galego na casa, na rúa, na escola, e deprendamos o español como asignatura para entendernos cos españoles, e o basco para falar cos bascos, o catalán para cando vaiamos a Catalunya, e o inglés para facer cartos (eso din...), ganar oposicións e ler a Sakespeare que boa falta nos fai.

O argumento máis "mantido" que empregan os antigalegos e os ignorantes (ignorancia, divino pecado, con ela astra se escribe en La Voz de Galicia) é o de que os nenos da cidade non entenden o galego ao ser a súa lingua nai o español. Estes señores confunden a socioloxía coa bioloxía.

Certamente, unha grande maioría (estou ironizando, non me vaia pasar o que lle pasou a máis dun) de galegos non entenden a súa lingua. Poñamos un 5 por cento, ¿ou queredes que poña un 10 por cento, un 15 por cento? Bon, pois póño e todos contentos. Estes rapaces un 5 por cen ou un 10 por cento non o son vítimas da colonización dos seus pais, son rapaces aliados do seu medio. Rapaces que non so non coñecen a súa lingua senón que tampouco coñecen a súa historia, a súa cultura. Rapaces que coídan que as únicas ar-

bres de Galicia son os piñeiros e os eucaliptos. Rapaces aos que se lles nega o dereito a teran inconsciente colectivo ademais do individual. Eses rapaces teñen dereito a deprender a súa lingua, a coñecer a súa historia a recuperar a súa identidade nacional perdida.

Eu coido que os nenos da cidade non son parvos e se se lles fala en galego rematarán por falar galego e ser galegos en toda a plenitude da palabra. ¿Será, pois, que o problema non é dos rapaces senón dos pais? ¡Cantos desleigados non haberá entre eles! ¡Cantos papainas a repetir o que o poder central suxire aos seus servidores! Para os primíros non veño máis solución (aínda que haber haina) que darlles o diploma de anti-galegos de pro. Para os segundos, paciencia, moita paciencia que nen a intelixencia nen a cultura se improvisan.

M. XOSE SOUTO SANTIAGO

SR. AUGUSTO ASSIA.....

Sr. Augusto Assia, supoño que se sentirá vostede contento, que se surrirá das palmadas de felicitación dos que como vobede pensan que as cousas hai que decilas sen tapuxos, sen veos máis ou menos tupidos, sen os sobreentendidos sutís que utilizan algúns medios de comunicación. Pero Sr. Assia, o que me enche de carraxe non é o libelo no que calumnias e difama a organizacións políticas como

a UPG e ás CC.LL., non Sr. Assia. A súa propia desesperación delátalo, está vostede perdendo os nervios, a súa seña contra o nacionalismo encueguece. Porque é que agora, non sementes non demostra as calumniosas afirmacións que fai (claro está que non pode), senon que ademais non garda a máis mínima coerenza coas noticias que o seu propio periódico publica, e non digamos coas dos outros medios. Pois non, Sr. Assia, non me molesta o que na súa patalea poida decir, porque como a súa persoa, non ten a máis mínima credibilidade.

O que me alporiza, o que me enferma, é o decreto en que está asulagando vostede ao periodismo. Esa profesión, que de digna e honrosa, pasa, nas súas mans, a converterse en algo mezquino e sucio, utilizando con intereses tan sórdidos como os de acusar de tráfico de drogas a xentes de probada honradez. Incluso chega a afirmar que os medios de comunicación protexen "a eses terroristas". No su delirio insiste en facernos crer, encontra de toda lóxica, que os que tentaron raptar ao señor Franqueira foron os do Bloque, eles son os malos, os pistoleros, os subversivos, eles e máis eles. Os que din o contrario están pagos polo ouro de Moscú. E é que o Sr. Assia non comprende como ninguén pode gardar un mínimo de dignidade profesional e non botar man de tópicos pertencentes a unha época da que todos gardamos mal recordo. Como é que terroristas, pistoleros,

ros, traficantes de drogas, incendiarios, saboteadores — e seguramente implicados en trata de brancas — non están xa na cadea; cómo é que non os ten desarticulado a policía. ¿Será acaso porque políticos colocados en altas esferas do poder non deixan que isto ocorra; que non deixan que a policía actue, que se saquen á luz "as probas fidedignas" que o Sr. Assia coñece? Debe ser.....

Pero cando un bota man das fontes de información, que, coma o resto dos mortais, obtén dos periódicos, do televexo, etc., pregúntase se o que vostede di non serán puras invencións. Témoste que a xente, ao ler artigos como os do Sr. Assia, está perdendo a confianza que poidera ter depositada no periodismo. A profesión e os profesionais sofren con artigos como o de vostede percancas como o de desacreditar a información aos ollos do público. Qué van pensar os setenta mil votantes do Bloque, cando se lles di que están a apoiar a un fato de traficantes e pistoleros. Qué pensarán do Sr. Assia aqueles que saben que a verdade é moi outra.... Pero é que a vostede, Sr. Assia, pouco lle deben importar as consecuencias do que di, de seguro que nen siquiera lle preocupa os recursos legais que se poideran adoptar, e non lle preocupan, porque como "labrego e periodista" que é, síntese e sábese ben amparado.

Xosé Manuel CAMPOS SANTIAGO

# A NOSA TERRA

"Esta Comisión aparecerá aos ollos da historia como un pequeno fato de homes que escaparon das súas responsabilidades e protexeron os intereses dalgun baleeiros, en lugar de protexer o porvir de milleiros de cetáceos."

Delegado mexicano, 1.974.

O ano 1.972 pedluse na reunión de Comisión Baleeira Internacional unha moratoria de 10 anos na caza de cetáceos. Organismos internacionais de conservación da Natureza e unha maioría de países membros da devandita Comisión firmaban tal petición que, malfadada, aínda non é realidade, xa que varios países, entre eles España, seguen sobrecazando baleas astra por en gravísimo perigo a súa existencia e a pesares da manifesta oposición internacional ante tal problema. Coidamos que, chegados a esta drástica situación, a paralización de caza de baleas en todos os mares do mundo debe ser xa desde agora, sen esperar un ano ou dous máis, o que implicaría un grave risco para a supervivencia de determinadas especies de cetáceos.

O panorama actual das poboacións de cetáceos é alarmante: varias especies están en perigo de extinción (rorcual azul, roccual de Bryde, xibarte, etc.) e anque agora están protexidas, quizais fora tarde demais xa que o seu pequeno n. non asegure a súa rexeneración no futuro e estean abocadas á desaparición total. As restantes especies, en franca regresión, pasarán axiña ao Libro roxo de especies en perigo, se continúa a caza. Diante desta gran diminución, varios países deixaron de cazar baleas xa desde fai tempo: EE. UU., Inglaterra, Francia, Holanda, etc. e derradeiramente Australia despois dun referendo. Incluso Xapón, principal causante da situación actual e que importa máis do 60 por cen das capturas galegas, deixou dúas das tres flotas baleeiras que tiña, e hai que destacar aquí a pouca importancia económica, xa que a industria baleeira representaba só o 0,024 por cen do PNB xaponés no 1.973, e no mesmo ano a carne de balea para o consumo humano era o 1,70 por cen da alimentación cárnica dos xaponeses. No caso español a importancia é moitísimo menor, contando cun 130 postos de traballo de carácter temporal, nos que hai que incluír a varios xaponeses, e sabendo que a maior parte das capturas van para o Xapón sen sacarlle aquí o máximo aproveitamento.

## PERDA DE RIQUEZA, PERDA ECONOMICA

Queremos clarexar que non se quere aumentar o exército de parados e que estes obreiros queden na rua, senón que Masó os absorva nas súas industrias conservadoras, e que o Goberno estude o problema e se manifeste, xa que astra agora non se enterou. Por outra banda, de seguir cazando, en poucos anos mataríase a galiña dos ovos de ouro e esas familias quedarían irremisiblemente no paro, cos graves perxuícios que, traería non só para eles senón para toda a Humanidade. A extinción de estas especies animais representa unha perda de riqueza, xa que ningún animal sobra na Creación e ademais produciría graves desequilibrios nos ecosistemas mariños de imprevisibles consecuencias. Tamén sería importante a perda económica tanto en postos de traballo como en alimentos e outros produtos: pensesse que unhas capturas racionais darían cada ano e por tempo indefinido 2.000.000 Tm de proteínas. Estas cifras falan por si soas e mostran a incongruencia de buscar o beneficio inmediato duns poucos sen planificar a longo prazo a explotación racional. Quizais sería interesante lembrarse de que a maior parte das baleas cázanse en augas internacionais, pero ademais son animais que viven en diferentes mares segundo a estación, xa que fan migracións anuais de miles de millas, entón é inxusto que uns países e pior aínda uns poucos capitalistas se apropien de esta riqueza colectiva de toda a Humanidade.

O que se persigue coa moratoria na caza é un mellor estudo dos cetáceos e que repoñan as poboacións, para nun futuro podélas aproveitar racionalmente por tempo indefinido, como xa dixemos.

## ¿QUEN REGULA A CAZA DE BALEAS?

Xa desde fai tempo varios países tiveron reunións ante a escasez de especies e no ano 1.946 creouse a Comisión Baleeira Internacional (International Whaling Commission), formada por 16 nacións: Arxentina, Xapón, México, Australia, Canadá, EE.UU., G. B., Francia, Holanda, Islandia, Noruega, N. Zelandia, Panamá, URSS. e Sudáfrica, tendo como principais obxectivos: por épocas de veda para especie, impedir cazar nas zonas reservadas para a multiplicación e crianza, limitar o n. de capturas por ano e dentro de cada especie con medidas determinadas, prohibir a caza de fémias con cria, etc. Nembargantes, a C. B. I. "en vez dos intereses das baleas, protexeu os intereses dos países baleeiros" e as boas intencións so quedaron no papel: acordos tomados agora non se respetan

## A CAZA DAS BALEAS



A industria baleeira ten inportancia desde fai séculos, adicándose varios pobos á súa caza para obter aceite sobor de todo. En Galicia xa se cazaban no século XIII, e destacaban os portos de Malpica, Caión, Camelle, Laxe, S. Cibrao, Burela, etc. Ao principio os barcos eran de vela, tendo que chegar astra o animal a remo pra lanzarlle o arpón coa man, deste xeito era unha labor arriesgada e perigosa. Pouco a pouco fóronse introducindo novas técnicas nesta industria, co barco de vapor conque riuse acadar aos rápidos rorcuales non cazados aínda, o cañón lanza-arpóns con cabeza explosiva aumentou o n. de pezas capturadas e dismuniu o risco de achegarse a elas, a rampa inclinada, por onde se subían os animais mortos en alta mar, favoreceu a industria peláxica onde moitos barcos factoria fan todas as operacións de aproveitamento no mar sen necesidade de vir ás factorías de terra. Hoxendia, úsanse helicópteros, avións, sonar e radar para a localización dos cetáceos, de xeito que a próspera industria de principios de séculos perdeu rentabilidade por falta de racionalidade nas capturas e por non haber un control internacional. Cando unha especie se cazaba en exceso e o seu pequeno n. non facía rentábel a súa captura, deixábase para dedicarse a outras especies. E o que pasa agora, por exemplo, co rorcual común xa moi rebaixado, e téndese a cazar cachalotes aínda abundantes. A rentabilidade económica das industrias foi primordial sen preocuparse do alarmento descenso das poboacións. Cando a caza pasou de ser artesanal a facerse de xeito industrial, coa introdución de innovacións técnicas, aumentaron moitísimo as capturas para cair rapidamente nun descenso vertixinoso que chega aos nosos días.



dentro duns meses; cando se pode, supérase o cupo de capturas permitidas, inefectividade de control de capturas, etc., etc.. Dada a nefasta actuación da C. B. I., que vela por intereses dos países baleeiros, a regulación de caza de cetáceos debería levála un organismo dependente da O.N.U., porque o lector atopará incongruente que o delegado español ante a C. B. I. sexa o sr. Masó. ¿Qué intereses vai defender?

Actualmente só media-dúzia de países cazan baleas, sendo o máis importante o Xapón, este con intereses económicos na flota de acó e tamén Brasil, Chile, Peru, a URSS... No Estado español o único país onde se cazan baleas é en Galicia, onde hai dúas factorías en Cangas de Morrazo e en Caneliñas, perto de Cee. A industria está cáseque toda ela en mans do Sr. MASO, anque tamén participan dos enormes beneficios outros persoaxes como o Sr. DOCAMPO e o Sr. IGLESIAS CORRAL. A produtividade e as ganancias que se poden sacar dos cetáceos é enorme, pensesse que un rorcual común (o máis cazado aquí) de 100 Tm. pode dar 1 Tm. de barbas, 19 Tm de osos, 41 Tm de carne, 28 Tm de grasa e 11 Tm de órganos diversos. Entón é que lles preocupa aos patróns? ¿Un cento de postos de traballo? NON, interésalles non perder unha fonte fáceis ganancias, e cando os obreiros queden no paro, eles xa terán as súas contas bancarias ben cheas.

## DA PIRATERIA A C. B. I.

Astra 1979 cazouse de xeito pirata e non había ningún tipo de control nas capturas; agora xa son membros da C. B. I. e a derradeira campaña colleron 260 exemplares máis do cupo que tiñan asignado. Non se respeta a lexislación, cázanse fémias seguidas de crias, non se respetan tallas mínimas e incluso se cazan especies protexidas, como o rarísimo rorcual azul: en carta recibida por nós da U.I.C.N. díse textualmente: "os propietarios destas intalacións admiten abertamente que se capturan especies sumamente ameazadas e polo tanto totalmente protexidas pola C. B. I." Por outra banda as presións internacionais aumentan, os EE.UU. ameazaron con suprimir as licencias para pesqueiros que nas súas augas se se sobrepasaban os cupos, e nembargantes o Sr. Masó continúa. Diante desta actuación é que fai o Goberno Español? Queríamos que se manifestase públicamente sobor deste tema, xa que astra agora non fixo nada, nen tivo ningún tipo de control. ¿Qué fan os organismos oficiais españois encargados do Medio Ambiente?

Existe un desbaraxuste debido ó reparto de competencias entre, polo menos, 14 departamentos ministeriais, que non colaboran entre eles senón que aínda competen.

As capturas galegas nos derradeiros anos (segundo dados "oficiais" do Sr. Masó):

Anos	Rorcual Común	Cachalote	Total
1.971	88	273	361
72	90	181	271
73	73	178	251
74	57	167	224
75	220	231	451
76	290	120	410
77	164	78	242
78	402	180	582

Mentras se modernizan e amplían as intalacións e o n. de capturas vai en aumento; internacionalmente, o exceso de caza para as mesmas especies, foi diminuindo o n. de baleas cazadas, aumentando cada ano o perigo de extinción.

Capturas internacionais (datos recollidos das "International Whaling Statistics")

Anos	Rorcual común	Cachalotes	Total (todas as especies)
68-69	5355	23929	42126
69-70	5237	25521	42481
70-71	4572	22642	38771
71-72	4192	18895	32133
72-73	2620	22305	32602
73-74	2129	21222	31626
74-75	1427	22814	29267
75-76	495	16933	21255
76-77	155	11977	15744

Despois de todo o exposto, a Sociedade Galega de Historia Natural, leva unha campaña "contra a caza de baleas en Galicia" e realmente unha Moratoria indefinida na caza de baleas, que "España" se mostre conservacionista dentro da C. B. I. e, que paren as importacións de produtos baleeiros, xa que todos teñen substitutos (sintéticos, vexetais ou animais).

Outravolta compre recordar que a conservación da Natureza, en definitiva, é a supervivencia da especie Home na Terra.

ANTONIO PIÑEIRO SEAGE